



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO CAMPO DAS ROSAS E A SÚA INFRAESTRUTURA DE EVACUACIÓN, NOS CONCELLOS DA ESTRADA, CERDEDO-COTOBADE E CAMPO LAMEIRO (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POR NATURGY RENOVABLES, SLU (CLAVE: 2020/0215)

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece no seu artigo 7.1.a) que os proxectos comprendidos no seu anexo I someteranse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Entre os proxectos que figuran no dito anexo I atópanse, no grupo 3.i, os parques eólicos que teñan 50 ou máis aeroxeradores, ou máis de 30 MW ou que se atopen a menos de 2 km doutro parque eólico en funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental.

Este sería o caso da actuación pretendida, dado que o parque se proxectará a menos de 2 quilómetros do parque eólico Touriñán, que conta con declaración de impacto ambiental e coas autorizacións administrativas previa e de construción.

Considerando o anterior, o proxecto someteuse ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria e, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a correspondente declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co disposto no artigo 41 da dita Lei 21/2013.

1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é Naturgy Renovables, SLU (anteriormente Gas Natural Fenosa Renovables, SLU) e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

1.2. Antecedentes, obxecto do proxecto, descrición e localización

En abril do 2018 iniciouse a tramitación ambiental do parque eólico Campo das Rosas, promovido no seu día por Gas Natural Fenosa Renovables, SLU e cuxa titularidade actual ostenta Naturgy Renovables, SLU, coa remisión do documento de inicio ambiental de data 15.03.2018 para a elaboración do documento de alcance do estudo de impacto ambiental (EsIA).

O 29.01.2019 o promotor, Naturgy Renovables, SLU presentou unha solicitude de modificación substancial do parque eólico, á que lle foi xuntando sucesivas achegas de documentación técnica (no período comprendido entre xaneiro de 2019 e marzo 2020), coa indicación da correspondente substitución da documentación presentada con anterioridade (naquel momento a documentación a avaliar era o EsIA asinado o 5.03.2020 e o Proxecto de execución modificado con data de visado 13.03.2020). Esta modificación consistía, de forma xeral, no desprazamento das posicións dos aeroxeradores, na eliminación da subestación inicialmente proxectada, así como na incorporación das infraestruturas de evacuación ao proxecto.

Polo anterior, resultou pertinente a cancelación do expediente ambiental inicial (clave 2018/0074) e a apertura do presente expediente (clave 2020/0215).

Posteriormente, o promotor presenta nova documentación en resposta a uns informes de carácter ambiental e urbanístico emitidos durante a tramitación do expediente, entre a que se atopa o EsIA e o Proxecto de execución, ambos os dous documentos de decembro de 2020.





Segundo a documentación agora achegada, o proxecto consiste na execución dun parque eólico de 27,6 MW de potencia total nos concellos de A Estrada, Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro (Pontevedra), composto por 8 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias do cableado -rede colectora do parque-, centro de seccionamento 30kV máis edificio de control, liñas de evacuación de enerxía a 30 e 220 kV, subestación transformadora 30/220kV máis edificio de control e dúas torres meteorolóxicas), que se localizarán dentro do polígono definido polas coordenadas UTM que se indican no punto 3 desta DIA.

As características principais do proxecto son as seguintes:

- Número de aeroxeradores: 8
- Modelo previsto: Enercon 138 EP3 o similar
- Potencia nominal unitaria: 3,45 MW
- Potencia total instalada: 27,6 MW
- Altura de buxa: 94 m
- Diámetro de rotor: 138 m
- Orzamento (execución material): 23.224.383,2 €

Inclúe ademais a construción dun centro de seccionamento (CS) e dunha subestación transformadora (SET) onde se localizará os seus respectivos edificios de control, así como os servizos auxiliares dos ditos edificios (subministro de auga e saneamento). Estes edificios de estrutura prefabricada disporán dun único nivel e albergarán as salas de control e de celdas, os vestiarios, os aseos, o almacén, etc. Cada conxunto está dotado dun depósito de augas residuais e dun depósito de auga de abastecemento.

Tamén está prevista a instalación de dúas estacións meteorolóxicas autosoportadas, de celosía e 94 m de altura.

O proxecto inclúe tamén a infraestrutura para a evacuación da enerxía producida no parque que consiste nunha liña eléctrica aéreo-soterrada a 30 kV duns 1.757 m de lonxitude (cun tramo aéreo duns 1,3 km sobre 8 apoios metálicos de celosía e dous soterrados que totalizan 457 m) que vai do centro de seccionamento do parque ata unha nova subestación elevadora 30/220 kV denominada Quireza, tamén incluída no proxecto, a construír nas proximidades da subestación do futuro PE Pico Touriñán, que conta con DIA. Do pórtico de saída da subestación Quireza partirá unha pequena liña aérea a 220 kV de 78 m de lonxitude para conexión co apoio nº 1 da LAT 66/220 kV SE PE Pico Touriñán-SE Tibo, que é a liña de evacuación do citado PE Pico Touriñán e que tamén conta con DIA. O nó de entrega á rede de transporte é a SE Tibo de Red Eléctrica de España.

O centro de seccionamento 30 kV e a restante infraestrutura de evacuación serán tamén empregados por outro parque eólico do mesmo promotor, o de Porto Vidros, proxectado a uns 4 km ao surlleste e que conta con DIA, que se conectará ao dito CS mediante a súa correspondente liña de evacuación. Asemade, a SET Quireza verterá á rede a enerxía xerada polos parques eólicos Campo das Rosas e Porto Vidros.

Na configuración reflectida no EsIA, a obra civil para o parque eólico inclúe a apertura duns 7.659 m de vieiros de servizo ás instalacións e o acondicionamento duns 6.596 m de vieiros de acceso e servizo existentes. A sección tipo dos vieiros novos terá uns 6,5 m de anchura de rodadura incluíndo as cunetas e unha anchura adicional estimada de acondicionamento de vieiros existentes de 4 m. Así mesmo, escavaranse uns 11.964 m de gabias para soterrar o cableado de media tensión e de comunicacións. Para a liña de evacuación estímase unha lonxitude total de 834 m de vieiros (desagregados en 538 m de nova apertura e 296 m a acondicionar), cunha sección tipo de 2,5-3 m de anchura de rodadura para os vieiros de acceso aos apoios da liña eléctrica. En calquera caso, para a liña, trátanse de accesos temporais que serán restaurados unha vez finalizadas as obras. O acceso xeral ao parque parte da estrada N-541, que une o núcleo Cerdedo-Cotobade con Pedre, desviándose pola estrada PO-2201, para logo desviarse pola PO-7102 á altura do núcleo rural de Sabucedo. O vieiro de acceso ao parque está previsto desde un camiño existente a reparar que entronca coa citada PO-7102.

O prazo estimado de execución do proxecto é duns 12 meses para a fase do parque eólico e duns 19 meses para a infraestrutura eléctrica de evacuación.





Están previstas dúas zonas temporais destinadas a acopios e almacenamento de residuos, unha situada entre os aeroxeradores CR-03 e CR-04 e outra entre os aeroxeradores CR-05 e CR-06. O acabado superficial será similar ao dos vieiros. Tamén se prevé empregar como zonas auxiliares de obra as propias plataformas de montaxe que se aproveitarán para zona de montaxe de grúas, e zona de acopio da torre e das pas, e nos recintos dos edificios de control tamén se prevé dúas zonas delimitadas e sinalizadas para acopio provisional e para contedores de recollida de residuos.

Porén, debido a certos condicionados xurdidos durante a tramitación do expediente, derivados dos informes das direccións xerais de Patrimonio Cultural e Saúde Pública, o promotor propón unha serie de modificacións no parque respecto do reflectido no EslA de decembro de 2020, e que consisten basicamente en:

- Eliminación das máquinas CR-01 e CR-07 e das súas infraestruturas asociadas (vieiros de acceso e gabias do cableado). O resto das posicións manteñen as localizacións consideradas no dito EslA.
- Outros parámetros do proxecto con implicacións ambientais (dimensións das plataformas de montaxe, trazado e anchura dos vieiros de acceso e servizo, gabias do cableado, liña de evacuación...) manteríanse sen variacións respecto do considerado no EslA, agás no relativo á eliminación dos aeroxeradores CR-01 e CR-07 que suporá unha redución da superficie global afectada polas plataformas de montaxe nun 21% e polas cimentacións nun 25%, a redución da lonxitude dos vieiros novos de acceso e servizo e das gabias do cableado nun 16% e nun 12% respectivamente. Os vieiros existentes a reparar non sufriran cambios respecto ao recollido no EslA.

No expediente consta os documentos *Adenda Nº1 al Estudio de impacto ambiental: Valoración ambiental tras la eliminación de la posición CR01. Parque eólico Campo das Rosas* (asinada o 7.02.2022) e *Adenda Nº2 al Estudio de impacto ambiental: Valoración ambiental tras la eliminación de las posiciones CR01 y CR07. Parque eólico Campo das Rosas* (asinada o 31.08.2022), que conteñen a descrición e a valoración ambiental das anteditas modificacións.


Considerando o anteriormente exposto, as características do parque serán as seguintes.

- Número de aeroxeradores: 6
- Potencia nominal unitaria: 4,26 MW
- Potencia total instalada: 25,56 MW
- Outras características técnicas (modelo de aeroxerador, altura de buxa e diámetro do rotor) manteranse respecto ao indicado no EslA de decembro de 2020.

Coa dita configuración actualizada, a obra civil comprende a apertura duns 6.427 m de vieiros de acceso e servizo ás instalacións e o acondicionamento, para o mesmo fin, doutros 6.596 m de pistas e camiños existentes. En canto ás gabias, escavaranse 10.510 m para o cableado de media tensión e de comunicacións. As características construtivas destas infraestruturas manteranse conforme ao indicado no EslA de decembro de 2020.

Inclúese a continuación un bosquexo do proxecto coa configuración reflectida no EslA modificado.





1.3. Principais elementos ambientais da contorna

A área de implantación do proxecto é unha zona caracterizada pola presenza de vales encaixados ben diferenciados, polo que en xeral, se pode falar dun relevo abrupto con pendentes acusadas. Se ben, os elementos do proxecto se localizan sobre as zonas elevadas, onde as pendentes se suavizan e non superan o 20%. Unicamente a liña de evacuación no seu tramo intermedio e os accesos do parque (ao unir a zona norte e sur do mesmo) se localizan en terreos máis abruptos que presentan pendentes superiores. Os aerogeneradores distribuiranse en dúas aliñacións: unha situada ao norte cos aerogeneradores 2 a 4, con cotas que oscilan entre os 680 e 690 m; e outra ao sur cos aerogeneradores 5, 6 e 8, con altitudes que flutúan entre os 580 m e os 640 m. A liña de evacuación discorre entre os 580 e 700 m, incrementando a súa altitude de sur a norte.

A nivel hidrolóxico, a área de actuación pertence ao ámbito competencial de Augas de Galicia e enmárcase nos sistemas de explotación 04 Río Umia e Ría de Arousa (marxe esquerda) e o 03 Río Lérez e Ría de Pontevedra. Segundo o EslA, na zona norte do parque discorren varios arroios, destacando o rego de Souto e o Barranco de Toxeira, ningún deles afectados polo proxecto, e na zona sur a presenza de cursos hídricos é maior, aínda que son de escasa entidade e de carácter temporal. Se ben os aerogeneradores non afectan a ningún curso fluvial, o acceso principal atravesará 6 arroios: rego Marco de Aceas, regueiro de Albinos, rego Pedra de Forno, rego innominado, rego Os Picos de Aguillón, e rego de Ponte Farosa. Así mesmo a liña eléctrica de evacuación atravesará o rego Os Picos de Aguillón, sobre o que non se causará afección por cruzarse en aéreo. Recolle ademais, en base á información subministrada pola demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, que ningún dos elementos do proxecto afecta a cursos hídricos definidos como masas de auga superficial, tampouco se afectan áreas inundables fluviais, nin Dominio Público Hidráulico. Destaca a presenza de zonas endorreicas asolagables de carácter estacional presentes ao sur do aerogenerador CR-03, pero en ningún caso se verán afectadas polas infraestruturas do proxecto. E no referente á zona de policía do cauce, segundo o Plan Básico Autonómico, ningún das máquinas se localizan sobre esta zona, o aerogenerador CR-02 é o máis próximo situado a 50 m ao leste do límite da zona de policía.





O uso actual da zona de implantación do proxecto ten un marcado carácter forestal. A vexetación na área de actuación está composta principalmente por formacións de matogueira (toxal-breixeira), plantacións forestais (maiormente de *Pinus pinaster*, aparecendo tamén eucaliptais e piñeirais de *Pinus radiata*) e, en menor medida, mestura de vexetación autóctona e plantacións (no viero de acceso ao parque), carballeiras e outras caducifolias (diseminadas polo entorno do parque, se ben só afectadas polo viero principal ao mesmo) e pasteiros. Outras unidades de vexetación presentes na zona de actuación, aínda que sen ser afectadas polos elementos do proxecto, son o bosque de ribeira e zonas húmidas.

En canto a hábitats naturais, o EsIA recolle que na contorna do parque eólico e a súa liña de evacuación asociada se identifican os seguintes hábitats naturais: o prioritario 4020* (breixeiras húmidas atlánticas) e os non prioritarios 4030 (breixeiras secas europeas) e 4090 (breixeiras oromediterráneas endémicas con aliaga). Así mesmo, se indica que nos inventarios de campo realizados non se detectou a presenza de especies protexidas na zona ocupada polo proxecto (nin tampouco das incluídas nos catálogos de protección nacional e autonómico).

Por outra banda, sinálase que coa nova configuración do proxecto avaliada na Addenda nº2 ao EsIA (eliminación dos aeroxeradores CR-01 e CR-07 e as súas infraestruturas asociadas), redúcese nun 11% a afección sobre as carballeiras e nun 14% a afección sobre o hábitat prioritario 4020*, se ben, este último presenta na zona unha baixa representatividade.

Entre a fauna inventariada na área de actuación, segundo o estudo bibliográfico incluído no EsIA, figuran varias especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, coa categoría de vulnerables: os réptiles *Natrix natrix* e *Natrix maura*, os anfibios *Rana iberica*, *Hyla arborea*, *Salamandra salamandra*, *Chioglossa lusitanica* e *Discoglossus galganoi*; *Circus pygargus* no grupo das aves; *Galemys pyrenaicus*, *Myotis mystacinus*, *Myotis bechsteini*, *Myotis emarginatus*, *Rhinolophus ferrumequinum* e *Rhinolophus hipposideros* entre os mamíferos. En base aos traballos de campo realizados para o estudo da avifauna e quirópteros, os resultados obtidos foron: entre as aves rapaces detectáronse o miñado *Buteo buteo* e o lagarteiro *Falco tinnunculus*; observáronse varios córvidos, numerosas paseriformes e outras aves habituais; entre os quirópteros *Pipistrellus pipistrellus* (o máis abundante) *Eptesicus serotinus*, *Barbastella barbastellus*, *Nyctalus leisleri* e *Myotis sp.* Adicionalmente, nas visitas a campo realizadas, detectáronse os mamíferos cabalo doméstico, corzo, lobo, topo ibérico e raposo; os réptiles lagarto verdinegro y lagartija serrana; e os anfibios rana bermeja e salamandra común.

Outro aspecto para destacar en canto aos mamíferos nesta contorna é a presenza de cabalos en condicións de semiliberdade. Aínda que non se trata dunha especie incluída en catálogos de protección nin, tan sequera, na listaxe de especies en réxime de protección especial, si que teñen unha importancia notable a nivel sociocultural (festas Rapa dá Bestas en Sabucedo). Así mesmo detectouse a depredación do lobo sobre os poldros dos cabalos, podendo implicar os restos cadavéricos un efecto chamada para rapaces carroñeras (especialmente voires).

No que atinxe a espazos protexidos e outras zonas ou elementos de interese ambiental, segundo o sinalado no EsIA, a zona onde se proxecta a instalación (parque eólico e a súa infraestrutura de evacuación asociada) non ostenta ningunha figura estatal ou autonómica de protección de espazos naturais (a máis próxima é a ZEC ES1140002 Río Lérez sita a 4,3 km ao suroeste do aeroxerador CR-08). Tampouco existen humidaís dos recollidos no Inventario Galego de Humidaís, nin árbores ou formacións senlleiras. Polo demais, o proxecto non se localiza no ámbito de ningunha Reserva da Biosfera, nin en áreas importantes para as aves (IBA), como tampouco dentro dunha zona de protección para a avifauna establecida na Resolución do 18 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, relativa ás liñas eléctricas de alta tensión.

No que respecta á paisaxe, de acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) o proxecto localízase nas grandes áreas paisaxísticas Galicia Central e Rías Baixas, nas comarcas paisaxísticas Terra de Montes-Alto Lérez e Baixo Lérez, respectivamente (esta última inclúe a maior parte do ámbito de estudo). As instalacións do proxecto non se atopan dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico (AEIP) do Catálogo, sendo a máis próxima a AEIP-07-33 Coto de Codesada, situada a uns 2 km ao nordés do sector norte do parque. Así mesmo, nas proximidades do proxecto localízanse distintos lugares de especial interese paisaxístico (LEIP), como son o Pazo de Monteagudo, situado a uns 1,8 km ao oeste do CR-02; e o Monte de Outeiro e Monte da Serra, ao nordés da posición CR-02 a uns 1,2 km e 3 km respectivamente.





En canto ao patrimonio cultural, de acordo co estudo de impacto cultural incluído no EsIA así como na documentación complementaria ao mesmo, no ámbito do parque identifícanse 26 xacementos arqueolóxicos, 2 elementos do patrimonio arquitectónico e 3 elementos do patrimonio etnolóxico (entre estes últimos atópase o Chozo de Pedra Longa, inicialmente afectado polo aeroxerador CR-01, pero tras a súa eliminación da configuración final do proxecto queda libre de toda afección, feito informado favorablemente pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural).

2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

2.1. Resumo da tramitación

O 26.10.2017, Gas Natural Fenosa Renovables, SLU solicitou ante a Dirección Xeral de Enerxía e Minas (antiga denominación da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais) as autorizacións administrativas previa e de construción, a declaración de utilidade pública, así como a aprobación do proxecto sectorial para o PE Campo das Rosas.

O 25.01.2018 a antedita dirección xeral notificoulle ao promotor o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 8/2009, do 22 de decembro pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de compensación Ambiental, modificada pola disposición derradeira sétima da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

O 4.11.2019 procedeuse a toma de razón por parte da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da subrogación de dereitos e obrigas do expediente administrativo a favor de Naturgy Renovables, SLU.

En canto ao trámite ambiental e como xa se sinalou, o proxecto sométese a avaliación de impacto ambiental (AIA) ordinaria conforme á Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Como xa se indicou no punto 1.2 desta DIA, o 18.04.2018 o órgano substantivo, para poder continuar coa instrución do procedemento de autorización, remitiu unha solicitude para os efectos de obter o documento de alcance do EsIA, xuntando á mesma o documento inicial do proxecto. Logo diso, o 29.01.2019, Naturgy Renovables, SLU (actual promotor), presentou unha solicitude de modificación substancial do parque eólico. O 23.12.2019 e o 18.03.2020 actualizou a referida solicitude achegando a documentación técnica correspondente. Esta modificación consistía, de forma xeral, no desprazamento das posicións dos aeroxeradores, na eliminación da subestación inicialmente proxectada, así como na incorporación das infraestruturas de evacuación ao proxecto.

O 23.07.2020 o órgano substantivo, para continuar coa tramitación do procedemento de autorizacións administrativas previa e de construción do proxecto, remitiu unha solicitude para os efectos de obter do órgano ambiental a relación de organismos e persoas interesadas aos que debe pedir informe segundo o disposto no artigo 33.4 da antedita Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. Achegan para iso, xunto coa solicitude do promotor, un EsIA e un proxecto de execución modificado, ambos os dous de marzo de 2020. Da solicitude e documentación achegadas despréndese que, atendendo ao carácter potestativo da solicitude de elaboración do documento de alcance do EsIA segundo o artigo 33.2 da Lei 21/2013, o promotor do proxecto optou por prescindir deste trámite.

En resposta ao anterior, o 30.10.2020 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, remitiulle ao órgano substantivo a información solicitada e indicoulle unhas cuestións a ter en conta en relación co contido do EsIA no ámbito da consulta a efectuar á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e á Dirección Xeral de Saúde Pública, así como unha serie de aspectos a ter en conta na dita tramitación da AIA ordinaria (información pública e consultas sobre o EsIA) e sobre o contido do expediente ambiental que no seu momento tería que remitir ao órgano ambiental para continuar coa tramitación de cara a formular a DIA.

O 16.12.2020, o promotor, en resposta aos informes previos das direccións xerais de Ordenación do Territorio e Urbanismo e de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, remite ao órgano substantivo diversa documentación en relación ao proxecto de referencia (parque eólico e evacuación de Campo das Rosas), entre a que se atopa o EsIA (asinado o 16.12.2020) e o proxecto de execución modificado (visado o 16.12.2020).





Mediante Resolución do 19 de febreiro do 2021 (publicada no DOG núm. 41, do 2.03.2021), a Xefatura Territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación de Pontevedra someteu a información pública o ESIa e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Campo das Rosas. Así mesmo, a dita xefatura territorial efectuou o trámite de consultas sobre o ESIa.

O 20.04.2021 tivo entrada no rexistro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda dun escrito de alegación en relación co proxecto que se atopaba en trámite de información pública, o cal foi trasladado ao órgano substantivo para os efectos oportunos.

O 13.10.2021, Naturgy Renovables, SLU remite diversa documentación á Xefatura Territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación de Pontevedra en resposta a un requirimento de documentación técnica desa unidade tramitadora, entre a que se atopa a *Adenda del Proyecto de Ejecución Modificado nº1 y Proyecto de Ejecución Modificado nº1 de Infraestructura Eléctrica de Evacuación* (asinado o 8.10.2021), a cal recolle os anexos relativos ao estudo de campos electromagnéticos, o estudo de ruídos e o plano con todas as infraestruturas do proxecto.

O 29.11.2021 recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o expediente de avaliación de impacto ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, como órgano substantivo por razón da materia, para os efectos de continuar coa tramitación de cara a formular a declaración de impacto ambiental.

O 3.12.2021 e o 28.12.2021 a antedita dirección xeral remite documentación adicional á remisión do 29.11.2021 que inclúe o certificado da Xefatura Territorial de Pontevedra de exposición ao público respecto ao trámite de información pública, e unha alegación particular xunto coa súa resposta por parte da empresa promotora. A dita alegación (que contén: solicitude e escrito de Sofía María de la Soledad Santos Pérez, xunto o documento titulado *Análisis de incongruencias en el informe emitido por Geprecon para Naturgy sobre la afección visual del parque eólico Campo das Rosas sobre la Casa Monteagudo y el hórreo de la Casa Monteagudo (BIC)* de setembro de 2021) tamén foi remitida pola alegante o 2.12.2021 á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

Estando en curso a revisión e a análise técnica do expediente de conformidade co artigo 40 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, o órgano ambiental considerou necesario que fora completado e/ou emendado en diversos aspectos de índole administrativa e documental, polo que se cursou unha solicitude de emenda ante o órgano substantivo mediante oficio do 3.01.2022, na que se manifestaba, entre outras cuestións, o seguinte:

- Un novo informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en relación ao escrito e documentación presentada polo promotor o 24.05.2021 (en resposta ao primeiro informe emitido por esa dirección xeral o 25.05.2021), e ademais sobre a mencionada alegación presentada o 2.12.2021 e 28.12.2021, na que se considera que hai incongruencias respecto ao un dos documentos incluídos na citada resposta do promotor do 24.05.2021, concretamente no que leva por título *Análisis de la afección visual del parque eólico Campo das Rosas sobre la Casa Monteagudo y el hórreo de la Casa Monteagudo*. 17.05.2021.
- Un novo informe do Instituto de Estudos do Territorio en base á alegación citada no punto anterior, aos efectos de que este organismo ratifique, de ser o caso, o contido do seu terceiro informe (no que xa se pronunciara sobre o referido documento elaborado polo promotor do 17.05.2021), ou ben emita as consideracións que estime oportunas.
- Un informe complementario da Axencia Turismo de Galicia no tocante á posible incidencia do proxecto na Rapa das Bestas de Sabucedo (declarada Festa de Interese Turístico Internacional no ano 2007), cuestión suscitada en varias das alegacións e nos informes/alegacións emitidos polos tres concellos afectados polo proxecto.

O 12.04.2022, o órgano substantivo remite unha nova alegación presentada o 22.03.2022 por Sofía María de la Soledad Santos Pérez (que xunta un informe emitido pola Real Academia Galega de Belas Artes en relación coa protección do conxunto escultórico e arquitectónico de Monteagudo ante a solicitude de amparo solicitada pola alegante), así como a correspondente resposta do promotor.

O 24.04.2022, recíbense na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda un novo escrito e documento presentados pola citada Sofía Mª de la Soledad Santos Pérez a través do Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia





(consistente nun escrito sobre a tramitación do PE Campo das Rosas e o documento *Análisis del impacto visual del parque eólico Campo das Rosas sobre el paisaje y el conjunto arquitectónico y escultórico de Monteagudo*), dándolle traslado ao órgano substantivo para que procedera segundo correspondía no marco da tramitación, toda vez que nel se facía mención a unha serie de aspectos aínda non coñecidos polo órgano ambiental que se entendía estaban a xurdir a raíz dos trámites para a emenda do expediente solicitada o 3.01.2022.

Estando á espera de recibir a resposta completa á citada solicitude de emenda do 3.01.2022, o 23.05.2022 recíbese no rexistro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través do SIR un escrito presentado por Rocío García Valladares en nome e representación da Asociación Veciñal Sociocultural Alarma na Terra de Montes, que en esencia trata da posible afección do proxecto á Rapa das Bestas de Sabucedo. O dito escrito foi remitido ao órgano substantivo, dado que atinxe a unha das cuestións sinaladas na citada emenda do 3.01.2022, aos efectos de se o considerara oportuno, procedera a darlle traslado ao promotor para que lle dera contestación e/ou á Axencia Turismo de Galicia para que o tivera en conta na emisión do informe complementario requirido.

O 7.06.2022 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais remitiu a documentación solicitada o 3.01.2022 (informes: das direccións xerais de Patrimonio Cultural, Patrimonio Natural e Saúde Pública, do Instituto de Estudos do Territorio e da Axencia Turismo de Galicia; respostas do promotor aos devanditos informes; o escrito e documento presentados por Sofía Mª de la Soledad Santos Pérez e José Blanco Fondevila, xunto coa resposta do promotor e aclaración sobre a dita resposta; e bosquejo da configuración do proxecto).

Posteriormente, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais remitiu diversa documentación complementaria en sucesivas achegas realizadas entre xuño e outubro de 2022: a contestación pola empresa promotora á alegación da Asociación Veciñal Sociocultural Alarma na Terra de Montes do 23.05.2022; o terceiro informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 7.07.2022 e reposta de conformidade do promotor; a addenda nº2 ao EsIA de agosto de 2022; o bosquejo coa configuración final resultante do proxecto; e o documento *Resumen de presupuesto de Parque Eólico e Infraestructura de Evacuación de Campo das Rosas* de outubro de 2022 que recolle o orzamento actualizado -execución material 25.539.444,38€ (22.426.869,66€ para o PE e 3.112.574,72€ para a liña de evacuación)- para a configuración final do PE Campo das Rosas aos efectos de fixar o aval).

O 13.12.2022 foi solicitada aclaración a DX de Patrimonio Natural sobre o efectos sinérxicos do proxecto que foi recibido o 19.12.2022.

2.2. Resumo da análise técnica do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, o proxecto de execución modificado, o EsIA e as súas addendas e diversa documentación complementaria incorporada ao longo da tramitación, os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións ambientais e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EsIA e as súas addendas ou documentación complementaria de ser o caso.

- En canto aos informes emitidos, pódese indicar o seguinte:
 - A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, emite un primeiro informe sobre o EsIA de decembro de 2020, sinalando que non están recollidos bens do patrimonio cultural de recente aparición, que se verían afectados polo deseño da infraestrutura eólica. Polo que é necesario que se incorporen, valoren e avalíen axeitadamente os novos elementos do patrimonio cultural. Engade que ao obxecto de poder continuar coa tramitación e análise do expediente, solicita a presentación da documentación necesaria para corrixir os feitos detectados na documentación referida.

En resposta ao dito informe, o 24.05.2021 o promotor presenta, xunto a solicitude e o escrito de entrega, os seguintes documentos: *Documentación Adicional del Estudio Impacto Cultural del PE Campo das Rosas y su Línea de evacuación. Mayo 2021* (para completar o Estudo de impacto cultural (EIPC) de 2019 incluído no Anexo nº9 do EsIA de decembro de 2020, e onde se valoran os novos elementos patrimoniais; concluíndo que non se altera a valoración de impactos nin polo tanto é necesaria a implementación de novas medidas correctoras expostas no referido estudo) e *Análisis de la afección visual del PE Campo das Rosas sobre la "Casa de Monteagudo" y el "Hórreo de Monteagudo"*, cuxas áreas de protección delimitadas no PXOM do Concello da Estrada non están afectadas polo PE Campo das Rosas.





Á vista da análise da documentación remitida (EslA, documentación adicional do 24.05.2021 e proxecto sectorial) e das consideración técnicas sinaladas, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC) emite un segundo informe favorable sobre a antedita documentación, puntualizando que deberá levarse a cabo as medidas correctoras establecidas no Anexo nº9 do EslA, coas seguintes consideracións e condicións:

- O emprazamento do aeroxerador CR01 deberá desprazarse o suficiente para non invadir co varrido das aspas o contorno de protección do Chozo de Pedra Longa. Este aeroxerador tamén é o que está máis próximo á Casa de Monteagudo, polo que se valoraría favorablemente, por parte desta dirección xeral, un desprazamento maior para reducir a súa presenza nas visuais.
- No Anexo nº9 do EslA incluíranse as fichas de todos os bens que foron localizados na prospección próximos ás infraestruturas, polo que se completará a documentación coa ficha do Gravado do Outeiro de Carvelo, que aparecen na planimetría localizado ao leste do vieiro de acceso ao aeroxerador CR02. Asemade, nas fichas deberá indicarse a distancia á que se atopan as obras.
- Os muros tradicionais construídos coa técnica de pedra seca deberán ser identificados nos planos de obra e estableceranse as medidas protectoras que garantan a súa conservación e protección, incluíndo o balizado durante as obras no caso de que fora necesario.
- Deberan figurar na cartografía de obra todos os elementos incluídos no EIPC e na Documentación adicional de data 25.05.2021.
- Deberanse levar a cabo as medidas correctoras establecidas no EslA no EIPC e na Documentación adicional. A presenza do Petróglifo de Monte de Laxoso na zona dos accesos ao parque fai que sexa preciso avaliar as afeccións e os impactos que se producirán sobre el. Deberase facer esta análise en conxunto coa necrópole de Coto de Corvo.
- Deberase revisar mediante prospección intensiva o ámbito dos 200 metros contados a partir do límite da infraestrutura de evacuación, os seus apoios e os seus accesos.
- Os elementos incluídos no catálogo e as súas áreas de protección deberán plasmarse na cartografía de obra. Dado que existen dúas representacións cartográficas é preciso unificar toda a información dispoñible e, cando menos, elaborar unha cartografía definitiva que recolla a correcta localización de todos os bens do patrimonio cultural e todos os seus contornos de protección localizados dentro da poligonal do parque..
- Os traballos de construción do parque eólico e a súa liña de evacuación realízanse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá de ser presencial e continuo nos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos documentados no Anexo nº 9, na documentación adicional ou calquera outro que puidese aparecer no transcurso das obras. Realízase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primárase a conservación dos mesmos.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade de las obras.
- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres tanto de obra nova relacionada co parque eólico e a liña de evacuación proxectada coma de zonas de amoreamento de materiais.

Finaliza indicando que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

O promotor responde ao dito informe cun escrito do 7.02.2022 no que aclara varias cuestións sinaladas no informe da DXPC, xuntando ademais os documentos: *Informe Prospección Complementaria de la línea de evacuación del PE Campo das Rosas. Febrero 2022* co obxecto de dar contestación á condición recollida no informe da referida dirección xeral, relativa á necesidade de completar os traballos realizados





mediante a prospección intensiva do ámbito de 200 m da infraestrutura de evacuación, os seus apoios e accesos; e *Adenda nº1 al Estudio de impacto ambiental: Valoración ambiental tras la eliminación de la posición CR01* (asinada o 7.02.2022), onde o promotor propón a eliminación da posición CR-01, así como a súa gabiá do cableado e o tramo do vieiro comprendido entre as posicións CR-01 e CR-03, debido á problemática asociada a unha posible nova localización da citada posición tal e como suxería a DXPC.

Con base no anterior, a DXPC emite un terceiro informe no que analiza por unha banda a nova documentación presentada polo promotor en febreiro de 2022, e por outra o escrito de Sofía Santos Pérez en relación coa alegación presentada no trámite de información pública contra o PE Campo das Rosas pola súa afección visual sobre a casa e hórreo de Monteagudo (feito que responde tamén ao requirimento deste órgano ambiental de data 3.01.2022), así como sobre o grupo escultórico Monteagudo. En este contexto, a dirección xeral expón o seguinte.

- Respecto á resposta de Naturgy Renovables, SLU e Addenda nº1 ao EsIA, estima que a dita documentación dá resposta ás consideracións feitas no seu segundo informe. Asemade, as modificacións introducidas no proxecto e reflectidas na referida addenda eliminan o impacto que se orixinaba no contorno de protección do elemento etnolóxico Chozo de Pedra Longa, así como diminúen a presenza do parque eólico nas visuais desde a Casa de Monteagudo, pola eliminación dun dos aeroxeradores, en concreto o máis próximo a ela, quedando agora o aeroxerador máis próximo a 1,85 km.
- Respecto ao documento presentado por Sofía Santos Pérez, que analiza o estudo visual presentado polo promotor, facendo anotacións e observacións sobre carencias e desconformidades que aprecia na información aportada, sinala que a casa e hórreo de Monteagudo, xunto coa adxacente capela de San Brais, tamén catalogada no PXOM da Estrada, contan con ámbitos de protección específicos delimitados e reflectidos na planimetría e nas fichas do catálogo, onde segundo a normativa urbanística da Estrada requírese autorización da DXPC.
Engade ademais que os catro aeroxeradores do parque eólico visibles proxéctanse a distancias entre 1.300-2.500m, o que supón que se sitúan afastados e fóra dos ámbitos de protección específicos delimitados, polo tanto fóra do ámbito no que é preceptivo o informe desa dirección xeral.
Na alegación indícase unha posible afección visual ao grupo escultórico de arte contemporánea do escultor alemán Ulrich Rückriem e á obra de rehabilitación do edificio catalogado realizada por Navarro Baldeweg. Porén, indica que non son eses aspectos culturais os protexidos, senón o edificio preexistente que os contén, protexido xa en planeamentos anteriores. A protección do patrimonio cultural non deriva pois nin da existencia do grupo escultórico nin do interese arquitectónico da intervención contemporánea de rehabilitación.

Á vista do exposto na análise da documentación e nas consideración técnicas, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, informa de xeito favorable os documentos presentados polo promotor, manténdose, en todo caso, o resto das condicións establecidas no seu informe anterior.

- A Dirección Xeral de Patrimonio Natural, emite un primeiro informe no que logo de expoñer uns antecedentes administrativos e un resumo do proxecto, efectúa unha análise tendo en conta a documentación examinada, no que sinala que o lugar onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia nin da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Tampouco se atopa dentro de ningunha área protexida por instrumentos internacionais nin dentro de ningunha das áreas prioritarias para a avifauna ameazada e/ou zonas de protección das publicadas na Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, relativa ás liñas eléctricas de alta tensión.

Sinala as canles fluviais presentes na contorna, e indica que non afecta a zonas húmidas das recollidas no Inventario Galego de Humidais (IHG) (Decreto 127/2008, do 5 de xuño).

Indica que de conformidade co Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005), na zona de actuación localízanse teselas onde se identifican os hábitats naturais de interese comunitario e/ou prioritarios (4030, 4090 e o prioritario 4020*).

Sinala que o ámbito de actuación non están presentes árbores ou formacións incluídas no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.





Inclúen a continuación unha táboa coas especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas (Decreto 88/2007, do 19 de abril) cuxa distribución coincidiría coas cuadrículas UTM 10x10 29TNH41 nas que se sitúa o proxecto. Non obstante, indican que a dita información proporciona unicamente unha primeira aproximación.

O proxecto non está incluído dentro do ámbito de plans de recuperación ou conservación de especies protexidas, nin tampouco se localiza dentro do ámbito de ningunha das propostas técnicas de zonificación de plans de conservación/recuperación de especies ameazadas que se están elaborando na Dirección Xeral de Patrimonio Natural (DXPN).

O informe incorpora unha serie de observacións efectuadas polo Servizo de Patrimonio Natural de Pontevedra sobre o contido do EslA, que comeza reflectindo as referencias a lexislación actualmente derogada. Respecto ao estudo de alternativas, considera que a menor afección da alternativa 1B seleccionada non está convenientemente xustificada dende o punto de vista ambiental; deberase estudar unha nova alternativa para a posición CR-03 tendo en conta o establecido no Plan Sectorial Eólico de Galicia que establece unha zona de restrición de 100 m dende a rede hidrográfica, así como pola presenza do hábitat prioritario 4020* e pola maior densidade de avistamentos de aves nesa zona (a destacar *Sylvia undata* por estar incluída no Anexo I da Directiva Aves); valorarase tamén unha nova alternativa para a localización do aeroxerador CR-01. En canto á hidrografía e infraestruturas de acceso, sinala que na cartografía non están representados todos os regatos existentes segundo a Rede fluvial de detalle de 2019 de Augas de Galicia, comprobouse que a posición CR-03 se localiza na zona de policía do rego do Souto e algúns tramos dos vieiros de nova construción atravesan o dominio público hidráulico do regueiro das Penices e o regueiro de Ponte Faroxo, e que se valorará o acceso de nova apertura para o aeroxerador CR-05, xa que existe pista e devasa que chegan ata a súa posición pola zona norte, e de ser inevitable a creación da nova infraestrutura, se xustifique adecuadamente. No tocante á vexetación e fauna, indica que se deberá comprobar a posible presenza na área de estudo da especie *Narcissus cyclamineus* (catalogada como vulnerable no Catálogo galego de especies ameazadas); destaca tamén a falta de estudo das poboacións de lobo, dado que na zona 1 (densidade alta) se localizan todos os aeroxeradores e a maior parte da liña de evacuación; e sinala que o traballo de inventario para o estudo das especies de quirópteros (dado o número de especies catalogadas potencialmente presentes) na fase previa antes de autorizar as obras de instalación dos aeroxeradores debería comprender un ciclo anual completo. Para as medidas preventivas e correctoras, estima que existen contradicións entre as actuacións previstas para a aplicación dalgunha delas, debendo describirse de forma inequívoca os traballos de roza descritos nas medidas preventivas e correctoras nº8 e 10.

Conclúe que á vista dos antecedentes, da análise da documentación e da información existente na dirección xeral, non é previsible que o proxecto xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, sempre e cando se garanta o cumprimento das medidas contempladas na documentación achegada e se teñan en conta as seguintes consideracións:

- Aínda que o deseño proposto non terá un efecto significativo sobre o estado de conservación dos hábitats, evitárase calquera dano á vexetación de ribeira coa apertura do novo vieiro de acceso ao aeroxerador CR-01, balizarase a braña existente a uns 30 m do acceso proxectado para o aeroxerador CR-03 e xustificarase que solución é mellor para o acceso ao aeroxerador CR-05 (a proxectada ou a proposta polo servizo provincial de aproveitar unha pista e devasa existentes).
- Tendo en conta a existencia de regos no ámbito de actuación cumprírase unha serie de medidas como: non se afectará máis vexetación de ribeira que a estritamente necesaria; evitárase o depósito de residuos ou produtos sólidos en zonas onde os escoamentos produzan arrastres aos cursos fluviais; prohibese calquera vertedura de material contaminante e tomaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derrames accidentais; trátaranse todas as augas que saian das zonas de instalacións de obras e augas procedentes de formigonados; durante a realización dos traballos non se producirán arrastres nin enturbamentos das augas continentais susceptibles de ser afectadas; e, en todo caso, prohibese calquera tipo de vertido que poida afectar á calidade das augas continentais.
- O EslA debe incluír as obrigas de xestión de biomasa derivadas da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, debendo describirse os traballos de xestión dos restos vexetais, as condicións de almacenamento e o seu uso posterior, que deberán ser coherentes cos indicadores considerados no plan de vixilancia ambiental.





- Previamente ao inicio dos traballos, comprobarase a ausencia de especies protexidas como *Narcissus cyclamineus*. De atoparse, prohibirase calquera actuación que lles afecte.
- Antes do inicio das obras, débese elaborar un estudo preoperacional dos quirópteros de acordo aos requirimentos mínimos recollidos no seu informe. Ademais, valorarase especialmente o impacto sobre as especies de morcegos segundo os datos publicados nas *Directrices básicas para el estudio del impacto de instalaciones eólicas sobre poblaciones de murciélgos en España (SECEMU. Barbastella, 6 (núm. Especial): 1-31)*. E se o proxecto prevé a instalación de balizas luminosas, efectuarase probas con distintos modelos para medir a concentración de insectos que xeran ao seu redor.
- Así mesmo, fai énfase na importancia da aplicar accións para a protección da avifauna e quirópteros, polo que é necesario que o proxecto incorpore medidas adicionais que garantan a minimización do impacto por colisión, tales como:
 - Para os quirópteros: a restrición da rotación das pas o máis posible por baixo da velocidade de réxime e informar no plan de vixilancia ambiental (PVA) sobre os tempos en que a velocidade do vento foi inferior ao limiar establecido e a porcentaxe en que os aeroxeneradores permaneceron parados.
 - Para a avifauna: a implementación de tecnoloxías de redución do impacto por colisións como sistemas de detección baseados en vídeo (DtBird ou similar), que son sistemas que traballan de forma independente para facer un seguimento das aves e mitigar a mortalidade na localización das turbinas; como medida disuasoria pasiva, recolle o pintado dunha das pas de cada aeroxenerador, neste sentido, sinala que o PVA medirá a mortalidade observada neste parque comparándoa coa mortalidade dos parques lindeiros xa existentes (con aeroxeneradores sen pintar) para informar se a medida resulta eficaz e avaliarán tanto o impacto dos parques eólicos por colisión sobre as aves e os morcegos como a efectividade das medidas. Engade ademais un apartado no que inclúe as condicións mínimas para os PVA no relativo ao control da mortalidade por colisión en parques eólicos durante a fase de explotación.
- En relación ao lobo, indica que se terá que dar cumprimento ao punto 18, apartado 5, do Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia, neste senso, no primeiro ano de funcionamento do parque eólico, como parte do PVA, deberase remitir á DXPN un estudo con datos sólidos sobre a presenza de lobos na área de influencia do parque eólico e realizar unha avaliación e seguimento das posibles afeccións sobre as súas poboacións (estrutura social, zonas de cría, uso do espazo, etc.).

O promotor presenta un escrito de resposta do 2.12.2021 no que primeiramente sinala, en relación ao apartado IV *Conclusións* do informe emitido pola DXPN, que se ben corresponde á dita dirección xeral a análise dos efectos sobre o patrimonio natural que se poderían orixinar polo proxecto, corresponde ao órgano ambiental, tras a análise de todos os informes emitidos polos órganos sectoriais consultados no trámite de AIA, o ditame de DIA, na que, no seu caso, se establecerán os condicionantes que se consideren necesarios, cuxo cumprimento garantirase por parte desta promotora.

Sen prexuízo do anterior, manifesta a súa conformidade con respecto ás consideracións recollidas no referido apartado do informe, ao que lle engade unha serie de puntualizacións:

- O curso hídrico máis próximo ao vieiro de acceso ao aeroxerador CR-01 discorre a uns 50 m, polo que a vexetación de ribeira asociada ao mesmo non se verá afectada coas obras.
- No que respecta ao acceso ao aeroxerador CR-05, o seu trazado está proxectado dende o aliñamento norte do parque, discorrendo a súa maior parte sobre unha pista existente a reparar en gran medida e só se realizarán uns tramos de nova apertura para permitir o paso dos transportes especiais, afectando a 103 m de frondosas autóctonas e 236 m de mestura dominante de eucalipto con frondosas puntuais. O tramo final do vieiro nas proximidades da máquina dispónse a media ladeira non sendo posible empregar a devasa existente debido á pendente superior ao 14% (nalgúns tramos ao 25%) en tramos prolongados, polo que non son compatibles coas necesidades de transporte dos compoñentes asociados nestas tecnoloxías.
- En relación ao estudo preoperacional de quirópteros, indica que se completará a revisión de refuxios na envolvente de 4 km dende cada aeroxerador e realizarase unha mostraxe acústica pasiva.
- O balizamento dos aeroxeradores, de acordo á normativa aeronáutica e á autorización de AESA, dispónse en 7 das 8 máquinas iluminación tipo A (destellos luz branca) e de noite será tipo C (luz vermella fixa), o que non constituirá unha maior atracción de insectos.





- Finalmente, no que atinxe ás medidas adicionais sinaladas no informe con respecto ao contido do PVA, sinala que dos resultados obtidos no EsIA, pódese concluír que o entorno do parque eólico non presenta unha comunidade de morcegos con elevada densidade, polo que non se espera incidencias significativas das instalacións sobre as poboacións de quirópteros, considerando suficientes as medias preventivas e correctoras e controles previstos no EsIA. E no que respecta á avifauna, manifesta que non se prevé impactos destacables sobre a mesma. Ademais expón que: non existen publicacións o datos dispoñibles que avalen a efectividade dos sistemas anticolidión automáticos para a avifauna instalados en parques eólicos en terra; en Galicia, debido a elevada dispersión poboacional, non sería viable o sistema de disuasión por son (polo que os falsos positivos implicarían un importante número de paradas sen xustificar); considera que o sistema DtBird ou similar non ten demostrada eficacia, polo que reitera a suficiencia das medidas preventivas e correctoras e controles previstos no EsIA; como tampouco considera que o pintado das pas sexa unha medida adecuada (en base ás indicacións dos fabricantes e ás incompatibilidades coas autorizacións de AESA) nin con demostración da súa eficacia, polo que volve a reiterar a corrección das medidas preventivas e correctoras previstas no EsIA.

Á vista do contido da resposta do promotor, a DXPN emite un segundo informe no que recolle a valoración de cada puntualización exposta polo promotor:

- Se se garante que a apertura do acceso ao aerogenerador CR-01 non afectará ás frondosas caducifolias autóctonas, considera esta resposta adecuada.
 - Acéptanse as respostas relativas ao acceso ao aerogenerador CR-05, ao estudo preoperacional de quirópteros e ao balizamento dos aerogeneradores.
 - Respecto ás medidas adicionais que garantan a minimización do impacto por colisión de aves e quirópteros, sinala o seguinte:
 - Contra a medida dirixida a previr a colisión de quirópteros, consistente en restrinxir a rotación das pas, considera que resulta aconsellable aplicar esta medida preventiva con carácter xeral.
 - Contra a medida dirixida a previr a colisión de aves mediante sistemas de detección baseados en vídeo, considera que esta medida supón un avance de cara a integración deste tipo de proxectos no medio natural, así que aínda que segundo a hipótese da empresa estivésemos ante un risco moi reducido, o que se busca é eliminalo ou mingualo na medida tecnicamente posible. Engade que a protección, a conservación e a recuperación non só se circunscribe sobre as aves catalogadas. Así mesmo, o proxecto LIFE+Biodiversity *Demonstration of good practices to minimize impacts of wind farms on biodiversity in Greece*, LIFE12 BIO/GR/000554, (www.windfarms-wildlife.gr) probou a súa efectividade. En todo caso, é pertinente empregar as mellores tecnoloxías dispoñibles en cada momento para paliar efectos medioambientais non previstos ou minusvalorados. Adicionalmente recolle que cando se sinala que "la media de falsos positivos en las posiciones es del orden del 40%", que esta anotación indica que a media de positivos correctos é do 60%, conseguintemente a súa efectividade é alta.
 - Contra a medida dirixida a previr a colisión de aves mediante o pintado dunhas das pas, expón que de acordo coa información achegada a esta dirección xeral por parte de AESA, o pintado dun dos álabes das turbinas eólicos é admisible e pódese incluír como condicionado de sinalización nas resolucións de servidumes. AESA sinala que a cor por defecto é branca, pero despois dunha análise de seguridade, comprobouse que ese cambio non impón riscos á seguridade aérea; e no que respecta ao impacto paisaxístico e turístico, nesta cuestión indica que prevalece a conservación das especies.
- Finalmente, reitera novamente o xa indicado no seu primeiro informe. As novas técnicas e tecnoloxías deben ser implementadas na medida que supoñan un beneficio medioambiental razoable.

Con todo, a DXPN conclúe ratificándose no sinalado no seu informe anterior, en concreto o indicado ao respecto de implementar tecnoloxías de redución do impacto por colisións como sistemas de detección baseados en vídeo (DtBird ou similar); o pintado dunha das aspas de cada un dos aerogeneradores, polo menos en 2/3 desde a punta da pa; así como o indicado para a restrición na rotación das pas das turbinas para diminuír as colisións en quirópteros.





O promotor contesta ao dito informe dando traslado dun escrito do 16.05.2022 no que comunica a súa conformidade coa seguinte aclaración en relación ás medidas adicionais que garantan a minimización do impacto por colisión de aves e quirópteros, que en atención ao feito da evolución que puidese ter lugar en esta materia, se considera que as medidas a fixar na DIA puideran ser similares ás indicadas sempre e cando se consideren equivalentes en canto ao obxectivo que con elas se pretende, en el momento da posta en operación das instalacións do PE Campo das Rosas, segundo a evolución da tecnoloxía comercial dispoñible en ese momento.

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural no informe recibido o 19.12.2022 indica que o proxecto non provoca efectos sinérxicos incompatibles no ámbito das súas competencias, despois de realizar a valoración e análise dos impactos sobre o patrimonio natural e a biodiversidade que poden chegar a xerar efectos acumulativos e sinérxicos, especialmente sobre as poboacións de aves e quirópteros considerando as máquinas en funcionamento, as aprobadas e as dos proxectos con fito no mes de xaneiro do 2023. Así mesmo estudouse a rede galega de espazos protexidos ben conservados en estudo, as áreas incluídas na Resolución do 18 de outubro de 2021, as reservas da biosfera e o resto do territorio.

- O Instituto de Estudos do Territorio emite un primeiro informe no que, tras recoller o marco legal, efectúa unha descrición do proxecto, do contido do EslA e das características da paisaxe afectada, analiza o contido do estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), os efectos do proxecto sobre a paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas, as que considera que deberán completarse de acordo coas conclusións recollidas no dito informe que citan o seguinte:
 - Os principais impactos deste proxecto sobre a paisaxe producíranse debido á incidencia visual acumulada, pola sinerxía con outros parques eólicos en explotación, autorizados, ou en tramitación na contorna, sobre os miradoiros existentes, principalmente no caso do Miradoiro Alto das Quintas, os lugares de especial interese paisaxístico (LEIP), os núcleos de poboación e as vías de comunicación máis importantes que discorren polo ámbito do parque. Ademais, a apertura de novos camiños de acceso e as obras de cimentación do aerogenerador CR-01, afectarán a elementos de interese paisaxístico, como son os valados tradicionais de pedra.
 - O EIIP deberá axustarse ao disposto na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, no seu Regulamento e nas Directrices de paisaxe, en concreto nos seguintes aspectos:
 - Deberá incluír o sinalado no artigo 11.2d da Lei 7/2008 e no 27.d do Regulamento, debe xustificarse como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística e as determinacións das directrices de paisaxe para as unidades de paisaxe afectadas, de acordo co que para tal efecto dispón o apartado 4.1 "Disposicións de carácter xeral" das Directrices de paisaxe de Galicia.
 - Consonte cos artigos 28.2c e 28.2d do Regulamento, o EIIP apoiarase nos contidos dos catálogos da paisaxe e pormenorizará, para o ámbito afectado polo proxecto, a análise dos elementos naturais ou construídos que outorgan carácter á paisaxe, así como as condicións de visibilidade e a identificación de miradoiros, sendas panorámicas ou outros puntos singulares de observación, como estradas ou lugares de concentración de persoas, desde os que se poida observar a actuación.
 - En relación aos artigos 29.d, e 29.e do Regulamento, deberá analizarse o grao de incidencia do proxecto sobre os elementos naturais ou culturais de valor paisaxístico, como son os valados tradicionais de pedra, e a afección visual sobre os miradoiros, as rutas de sendeirismo e os LEIP.
 - De acordo co artigo 31.1a do Regulamento, deberase incluír un plano da contorna do proxecto en que se representen os valores e elementos paisaxísticos de referencia, tales como as áreas de especial interese paisaxístico (AEIP), elementos naturais ou culturais de singular valor, miradoiros, sendas panorámicas e puntos singulares de observación.
 - Ampliar a descrición e xustificación dos criterios e as medidas que se deben adoptar para acadar a integración paisaxística do proxecto, de acordo co disposto no artigo 30 do Regulamento e nas normas e recomendacións das Directrices de paisaxe que resulten de aplicación, entre as que cabe destacar neste caso as seguintes: DX.20.a (o EIIP incluír un estudo dos tipos de valores paisaxísticos existentes e o cálculo da súa bacía visual, de acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia. Os resultados desta análise servirán para a cuantificación do impacto visual do parque eólico e a súa repercusión nos tipos e valores paisaxísticos); DX.20.c (dada a presenza de núcleos rurais próximos ao proxecto, no caso de existir unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aerogeneradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual, estudando a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes); DX.26.c (deberase analizar a incidencia visual dos





aeroxeradores sobre as vistas panorámicas dos miradoiros, especialmente sobre o Miradoiro Alto das Quintas pola curta distancia á que se sitúa os aeroxeradores CR-01, CR-02, CR-03 e CR-04, e de ser o caso, estudaranse outras alternativas de localización que minimicen a afección sobre o mesmo); DX.17.a.4 e DX.22.i (deberase asegurar a conservación dos valados tradicionais de pedra e para os casos en que non se poida evitar a súa eliminación deberanse establecer medidas de reposición ou restauración dos tramos afectados); DX.23.g e DX.23.i (en base dos resultados dos estudos de visibilidade dos aeroxeradores, concretamente os do sector norte do parque, calquera intervención na contorna dos elementos patrimoniais deberá asegurar a conservación dos valores estéticos e paisaxísticos e se protexerán as vistas desde e cara a estes elementos, entre eles cabe mencionar o Pazo de Monteagudo, o cal foi identificado, ademais, como lugar de interese paisaxístico no proceso de participación pública do Catálogo das paisaxes); DX.17 e DX.20.m (en relación á adecuación da tipoloxía e características estéticas das construcións previstas do centro de seccionamento e do edificio de control da subestación); DX.20.i e DX.20.o (de ser necesario, no perímetro tanto do centro de seccionamento e da subestación, disporase unha pantalla vexetal realizada con especies autóctonas).

Por último sinala, que en todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas correctoras determinadas no EIIP deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

O promotor responde ao dito informe mediante un escrito do 11.06.2021 polo que presenta o documento *Respuesta a informes: Actualización Estudio de Impacto e Integración Paisajística* (asinado o 11.06.2021) que recolle as consideracións establecidas polo IET.

Atendendo á nova documentación elaborada polo promotor, o IET emite un segundo informe no que sinala que o dito documento (que é unha actualización do EIIP do proxecto para axustarse ao disposto na Lei 7/2008 e o seu Regulamento), amosa a situación dos aeroxeradores respecto ao LEIP Pazo de Monteagudo, comprobando que entre tres e catro máquinas (CR-01, CR-02, CR-03 e CR-04) serán visibles parcialmente dende este espazo. Polo que a este respecto, indica que tendo en conta que se recibiron alegacións que manifestan unha preocupación polo impacto dos aeroxeradores, e de acordo coas directrices de paisaxe DX.20.c, DX.23.g, e DX.23.i, deberase valorar o desprazamento das infraestruturas cara unha posición que evite a súa visibilidade, e de non ser viable esta alternativa deberá quedar debidamente xustificada. En calquera caso, como medida mitigadora, estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes, para reducir a visibilidade dos aeroxeradores.

En relación aos impactos sobre os miradoiros, se ben se afirma que os aeroxeradores serán visibles desde o miradoiro Alto das Quintas, situado a curta distancia das infraestruturas do sector norte (CR-01, CR-02, CR-03 e CR-04), non se analiza suficientemente a incidencia visual (directriz de paisaxe DX.26.c) sobre o mesmo, polo que deberase realizar un estudo da visibilidade, incluíndo infografías semellantes ás achegadas no documento, dende o miradoiro determinando o grao de afección dos aeroxeradores sobre as vistas panorámicas. De ser o caso, estudaranse outras alternativas de localización que minimicen a afección sobre o miradoiro.

O promotor contesta cun escrito do 19.10.2021 acompañado do documento *Respuesta al Informe emitido por el Instituto de Estudios del Territorio en relación al Estudio de Impacto e Integración Paisajística del Parque Eólico Campo das Rosas* (asinado o 19.10.2021) co que pretende aportar as aclaracións solicitadas polo IET no seu segundo informe en relación co EIIP presentado previamente e, en particular, respecto a dous elementos paisaxísticos do entorno, a Casa de Monteagudo e o Mirador de Alto das Quintas. Para o cal, o referido documento agora presentado inclúe o *Anexo 1: Análisis de la afección visual del Parque Eólico Campo das Rosas sobre la Casa de Monteagudo e el Hórreo de la Casa Monteagudo e o Anexo 2: Análisis de la afección visual del Parque Eólico Campo das Rosas sobre el Mirador "Alto das Quintas"*.

Á vista do contido da resposta do promotor, o IET emite un terceiro informe no que sinala que o novo documento analiza a afección visual dos dous elementos paisaxísticos requiridos (Casa Monteagudo e miradoiro Alta das Quintas) mediante o cálculo de cuncas visuais co apoio de fotografías tomadas en campo e distintas infografías. Ademais, menciona que o promotor expón as razóns polas que resulta inviable unha localización alternativa para os aeroxeradores do parque baseándose en condicionantes técnicos, administrativos e ambientais. Por conseguinte, considera suficientes as aclaracións achegadas





pola empresa promotora en relación ás cuestións formuladas por ese departamento. Engade que o EIIP do proxecto, cuxo contido complétase coa addenda presentada, axústase ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do seu Regulamento. Por último, fai un recordatorio en virtude do artigo 30.3 do Regulamento, respecto a que as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

Con posterioridade, e en resposta á solicitude de emenda deste órgano ambiental do 3.01.2022 á que se fai referencia no punto 2.1 desta DIA, constan tamén no expediente outro informe do IET referente a un escrito e documento presentados por Sofía María de la Soledad Santos Pérez relativos á afección do proxecto sobre a casa e o hórreo Monteagudo. Neste contexto, o IET fai unha serie de observacións respecto ao estudo de visibilidade proposto pola alegante, indicando que se reitera ao xa apuntado nos seus anteriores informes, nos que xa se poñía de manifesto a incidencia visual de catro aeroxeradores do parque, os cales serán visibles en maior ou menor medida dependendo da situación dos potenciais observadores. Ademais matiza que a afección non é directa sobre o LEIP Pazo de Monteagudo, no sentido de que as infraestruturas do parque eólico non interrompen a visión do mesmo, dada a posición relativa e a distancia existente (entre 1,3 a 2,5 km); trátase dun impacto sobre o fondo escénico provocado pola introdución de elementos alleos ao carácter da contorna. Por outra banda, a documentación gráfica non inclúe montaxes fotográficas que amosen a incidencia visual sobre as esculturas dispostas en distintos puntos da parcela, un dos feitos destacados na motivación das alegacións presentadas. Atendendo á localización destes elementos e ás características da súa contorna inmediata, o impacto visual non sería elevado, posto que a presenza de arboredo minimiza, ou mesmo impide, a visión dos aeroxeradores.

Por todo o anterior, o IET ratifícase nas conclusións do seu anterior informe. E volve a incidir en que, en todo caso, consonte co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto, e entre elas deberá estar, no seu caso, a implantación de pantallas vexetais, como medida mitigadora para reducir a visibilidade dende os lugares citados, de acordo cos propietarios dos terreos onde se determine a execución das mesmas, segundo o compromiso manifestado pola empresa promotora na addenda ao EIIP.

- A Dirección Xeral de Saúde Pública emite un primeiro informe que se realizar avaliando se no EsIA do proxecto se tiveron en conta, identificaron e valoraron os posibles impactos no medio ambiente con posible repercusión sobre a saúde humana. E para iso recolle as observacións en relación cos seguintes puntos: caracterización da poboación en situación de risco, determinación dos potenciais perigos e identificación das posibles vías de exposición. Engade que é importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que exista un risco para a saúde, xa que para iso debe existir unha vía de exposición completa.

Ademais, o proxecto é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible, establecendo mecanismos para o control e vixilancia durante a fase de construción, explotación e abandono. Polo que de cumprirse os padróns establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

Por tanto, e tras desenvolver as cuestións anteriores, conclúe que da análise da documentación, esta non recolle información ou é insuficiente sobre unha serie de aspectos que poden ter repercusión sobre a saúde da poboación, e polo tanto estima necesario que o promotor aporte a información complementaria sobre: a caracterización da poboación da contorna usuaria ou residente en establecementos máis vulnerables ou de ocio; o modo para dispor de auga potable para o abastecemento da subestación e do centro de control; en fase de explotación o abastecemento de auga dos edificios de control e subestación realizárase mediante depósitos, onde deberá garantirse a presenza dun desinfectante con efecto residual de acordo co RD 140/2003; de dispoñer de auga quente sanitaria ou de sistemas de extinción de incendios que supoñan a existencia de aerosolización, deberán cumprirse os requisitos establecidos no RD 865/2003; o emprego de gases illantes como o SF6, pero non se indica como se fará o manexo do mesmo; o emprego e xestión de produtos perigosos; as medidas de seguridade e control de acceso á subestación e ás turbinas eólicas; a disposición dun sistema integrado de control específico por pragas ou enfermidades; os datos acadados no estudo de efecto do parpadeo de sombras, así como a indicación dos





receptores onde se fixeron as medicións; e un estudo de efectos acumulativos ou sinérxicos con respecto ao efecto de parpadeo de sombras.

O promotor contesta ao dito informe dando traslado do documento *Respuesta al informe emitido por la Dirección General de Salud Pública en relación al EsIA del Parque eólico Campo das Rosas* (asinado o 7.02.2022) no que avalía e clarifica cada un dos requirimentos expostos pola dita dirección xeral, e ao que xunta o anexo *Estudio de shadow flicker del Parque eólico Campo das Rosas* (asinado o 19.03.2021).

Atendendo á contestación trasladada polo promotor, esta dirección xeral emite un segundo informe no que considera que se proporcionou a información adicional requirida, sendo aínda insuficiente no referente ao parpadeo de sombras, en particular, respecto ao núcleo rural de Cuíña. Indica que se deberán incorporar medidas protectoras na fase do proxecto, independentemente das medidas de mitigación que puideran ser necesarias na fase de funcionamento.

En resposta ao dito informe, o promotor remite un escrito do 1.06.2022 onde sinala que, en atención ás conclusións obtidas con respecto ao efecto parpadeo de sombras, decide continuar coa configuración da instalación do PE Campo das Rosas non considerando a posición do aeroxerador CR-07 ao obxecto de minimizar os efectos que podería ter sobre a saúde humana dos habitantes do núcleo de Cuíña. O dito escrito vai acompañado do documento *Estudio de shadow flicker del Parque eólico Campo das Rosas respecto a la población de Cuíña – Valoración de escenarios* (asinado o 31.05.2021).

Á vista da nova documentación remitida, a Dirección Xeral de Saúde Pública emite un terceiro informe no que indica que coa eliminación do aeroxerador CR-07, considera satisfeitos os requirimentos feitos no seu informe previo.

- A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior informa que tras revisar a documentación se estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, sen prexuízo de que se puidera estar afectado polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o plan, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.

Engade que o Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no seu anexo I aquelas actividades susceptibles de xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade e os centros ou instalacións que poden resultar afectados de maneira especialmente grave por situacións dese carácter, polo tanto, se é o caso, o titular deberá implantar, manter e revisar o seu propio plan de autoprotección, que é o documento que prevé as emerxencias que se poden producir a consecuencia da súa propia actividade e as medidas de resposta ante situacións de risco, de catástrofes e de calamidades públicas que podan afectar ao proxecto.

- Respecto á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal consta o informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Pontevedra que recolle á súa vez uns extractos dos informes emitidos polo persoal técnico dos Distritos forestais responsable de cada comarca afectada polo parque eólico, continúa cunha relación da lexislación aplicable ao proxecto para finalmente informar o seguinte: será necesario constituír as faixas de biomasa descritas na Lei 3/2007 de prevención e defensa conta os incendios forestais de Galicia, ao redor das instalacións que produzan, almacenen ou transporten enerxía eléctrica de xeito aéreo e das edificacións e camiños que se constrúan; deberase cumprir a normativa de prevención de incendios forestais no redor do aeroxerador e das demais infraestruturas do proxecto; posible afectación a un punto de auga de carga de helicópteros no Distrito Deza-Tabeirós, polo que o dito proxecto debería ser informado pola Dirección Xeral de Defensa do Monte.
- A Dirección Xeral de Defensa do Monte, logo de efectuar unha posta en antecedentes (onde recolle o indicado polo Servizo de Prevención de Incendios Forestais da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de Pontevedra en canto á viabilidade do proxecto condicionado ao mantemento do establecido para as redes primarias de faixas de xestión de biomasa na lexislación vixente) e sinalar as consideracións legais e técnicas, finaliza informando favorablemente a realización do proxecto en base ao anteriormente sinalado.





- A Axencia Turismo de Galicia emite un primeiro informe sobre o EsIA do proxecto no que sinala que tras analizar todos os posibles impactos que o mesmo puidese xerar, dedúcese que o devandito proxecto produce un impacto global significativo, feito que os documentos achegados non sinalan. Engade que da documentación achegada non se deduce o estudo de impacto turístico, polo que é necesario que se inclúa o mesmo ou complete a seguinte información: achegarase a relación de elementos turísticos-patrimoniais significativos da zona; analizarase a distancia dos aeroxeradores aos devanditos puntos turísticos, así como a distancia daqueles núcleos rurais que poidan ser obxecto de actuacións como aldeas de turismo rural e vivendas illadas que polas súas características morfolóxicas ou situación, poidan ter un valor etnográfico; mapa dos parques eólicos da contorna existentes e previsión con estudos acústicos sobre sinerxías e control de rúidos que poida ou puidese afectar a zonas turísticas; aportarse tras a análise anterior medidas preventivas e correctoras no desenvolvemento da construción e explotación que poida ou puidese afectar a zonas turísticas; e un Programa de Vixilancia da afección turística na fase de construción e explotación.

O promotor responde cun escrito do 17.05.2021 no que xunta o documento requirido pola axencia titulado *Estudio de afección al turismo del Parque eólico Campo das Rosas* (asinado o 14.05.2021). Sobre o cal a Axencia Turismo de Galicia informa sinalando que se deduce que o proxecto do PE Campo das Rosas produce un impacto global significativo nas fases de construción (pola existencia de maquinaria na contorna das obras nun breve período de tempo) e de explotación (debido ás emisións sonoras e impacto visual), polo que é necesario que se establezan medidas preventivas ou correctoras no desenvolvemento da explotación. Finalmente, conclúe que o impacto no turismo rural local así como na súa contorna é reducido e que deberán ser atenuados polas medidas compensatorias e correctivas a incluír na DIA.

Por outra banda, consta outro informe emitido polo dito organismo en referencia ao requirimento deste órgano ambiental de data 3.01.2022, no que se pronuncia sobre a posible incidencia do PE Campo das Rosas na Rapa das Bestas de Sabucedo (declarada Festa de Interese Turístico Internacional no ano 2007). Neste sentido, considera que a afección sobre a festa da Rapa das Bestas na mesma liña que o resto da actuación, tendo presente que a súa afección visual e real se presenta analizada no estudo de impacto turístico aportado. Destaca que no que a afección sobre as infraestruturas da festa da Rapa das Bestas non afecta sobre as mesmas salvo visualmente, do mesmo xeito que no percorrido das bestas con respecto á ruta de baixada "a Ruta das Bestas" se sitúa un tramo da mesma a menos de 100 m do aeroxerador CR-04, entendendo que non afecta sobre o seu desenvolvemento. Sinala ademais que o promotor reflexa a realización dun seguimento de medidas que serán consensuadas coa administración e as entidades locais para compatibilizar a implantación do proxecto coa festa da Rapa das Bestas.

- Augas de Galicia, logo de indicar o obxecto do informe, efectuar un resume de antecedentes e citar a lexislación de aplicación, continúa o seu informe cunha análise do contido das Separatas do Proxecto de execución e da infraestrutura eléctrica de evacuación e do EsIA do PE Campo das Rosas, para a continuación informar sobre a rede fluvial da área, as zonas protexidas, as zonas inundables e os aproveitamentos hídricos. A este respecto, informa de afeccións non descritas na documentación presentada, todas en zona de policía de varios regos en relación co acceso ao parque (no que tamén destaca o seu cruce co rego Os Picos de Aguillón, xunto coa gabiá do cableado), con parte do voo das pas dos aeroxeradores CR-02 e CR-04, e co tramo soterrado da liña eléctrica entre o apoio 8 e a SET Quireza. E puntualiza sobre o cruce entre os apoios 7 e 8 da liña de evacuación co rego Os Picos de Aguillón, que tanto os apoios como o voo da liña aérea están en zona de policía. En todos estes casos será preciso solicitar autorización administrativa deste organismo, xuntando unha memoria descritiva das obras e os planos correspondentes. A actuación proposta non afecta a ningún espazo protexido recollido no Catálogo de zonas protexidas do Plan Hidrolóxico de Galicia Costa (aprobado polo RD 11/2016, do 8 de xaneiro) nin a ningunha área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI).

Engade unhas consideracións sobre as actuacións susceptibles de causar afeccións ao medio hídrico e apunta unha serie de condicións particulares a ter en conta no desenvolvemento do proxecto. Con base na documentación achegada, conclúe sinalando que non é previsible que o proxecto do parque eólico e a súa liña de evacuación poida causar impactos ambientais significativos, tendo en conta as medidas protectoras e correctoras que o promotor prevé adoptar no documento ambiental presentado e as consideracións a tal efecto referidas no presente informe. Ademais puntualiza que durante os procesos de execución dos traballos de desenvolvemento e implantación da actuación proposta, de cara a non





afección ao dominio público hidráulico, deberán contemplarse os directrices sinaladas no presente informe así como as indicadas na documentación sometida a informe.

- A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil informa que, segundo a documentación achegada, a superficie ocupada polo proxecto do PE Campo das Rosas localízase fóra da súa demarcación, indicando como órgano competente por razón do territorio á Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa. Polo lo anterior, non procede emisión do informe solicitado por parte deste organismo de conca.
- O Concello da Estrada emite un primeiro no que recolle o acordo plenario en relación á moción do Grupo municipal de Móvete para adoptar un conxunto de medidas correctoras para protexer os cabalos salvaxes de Sabucedo e a festa de interese turístico internacional Rapa das Bestas.

O promotor responde cun escrito do 17.05.2021 onde pon de manifesto a súa vontade en orden á adopción das medidas preventivas e correctoras oportunas ao obxecto de minimizar as posibles afeccións ás greas de cabalos salvaxes ás que se fai referencia, así como aos elementos caracterizadores da Rapa das Bestas, procedendo á valoración das medidas propostas no acordo.

Consta outro informe do concello onde realiza unha serie de alegacións sobre os seguintes aspectos: a situación dos aeroxeradores CR-01, CR-02 e CR-03; o impacto paisaxístico no entorno; o impacto na fauna e flora da zona (como as greas de eguas e cabalos que conforman a eguada de San Lourenzo de Sabucedo); e o impacto patrimonial (facendo mención á festa da Rapa das Bestas de Sabucedo).

O promotor presenta un escrito do 17.05.2021 de resposta ao mesmo no que contesta cada punto do informe.

- O Concello de Cerdedo-Cotobade emite un primeiro informe elaborado polo técnico municipal que ten carácter principalmente urbanístico, en relación co EslA considera preciso ter en consideración a posible afección por ruídos durante a produción, habida conta da proximidade de ao menos dous aeroxeradores.

Así mesmo, remite un segundo informe técnico co que corrixe e puntualiza unha serie de aspectos informados no anterior informe técnico remitido, polo que comunica que se terá en conta unicamente este informe onde expón varias cuestións (algunhas de carácter non ambiental), entre elas: as afeccións a espazos naturais protexidos; as alternativas do proxecto; o estudo electromagnético (que non consta); o estudo de shadow flicker (non recolle os resultados obtidos da análise realizada); o estudo de impacto sobre os bens do patrimonio cultural (non consta un conxunto de gravados rupestres localizados nas proximidades do aeroxerador CR-07); o impacto paisaxístico (cunca visual); o impacto acústico (o núcleo rural de Cuíña); as afeccións á hidrografía; e a tramitación de avaliación ambiental. Xunta ademais unha alegación do propio concello solicitando a paralización do expediente polos motivos expostos.

O promotor responde cun escrito do 3.05.2021 onde recolle as cuestións sinaladas polo concello.

- O Concello de Campo Lameiro remite un informe técnico no que informa sobre diversas cuestións, entre elas: as afeccións a espazos naturais protexidos; as alternativas do proxecto; o estudo electromagnético (que non consta); o estudo de shadow flicker (non recolle os resultados obtidos da análise realizada); o estudo de impacto sobre os bens do patrimonio cultural (elaborar un estudo máis pormenorizado do conxunto de gravados rupestres localizados dentro da poligonal do parque); o impacto paisaxístico (cunca visual); o impacto acústico; as afeccións á hidrografía; e a tramitación de avaliación ambiental.

O promotor responde cun escrito do 17.05.2021 onde recolle as cuestións sinaladas polo concello.

- Para todos os informes antes indicados constan no expediente escritos do promotor de conformidade ou de resposta ao seu contido.
- Consta así mesmo o informe da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Empresa e Innovación de Pontevedra na súa condición de unidade tramitadora do órgano susbtantivo, que recolle, entre outras cuestións, a tramitación practicada no expediente administrativo, tanto no referente á obtención dos condicionados técnicos do proxecto como os resultados da información pública, e conclúe que procede continuar co procedemento de autorizacións administrativas previa e de construción e aprobación do





proxecto de interese autonómico para posteriormente realizar a tramitación da declaración de utilidade pública consonte ao establecido no apartado primeiro do seu informe. Engade que o promotor da instalación deberá ter en conta os condicionantes restablecidos no apartado segundo deste informe.

- No tocante a alegacións con contido ambiental, no expediente remitido polo órgano substantivo constan 48 alegacións; 34 presentadas por particulares, e 14 presentadas por varias asociacións de ámbito ecoloxista e cultural, dúas comunidades de montes veciñais en man común, dúas formacións políticas, unha sociedade de cazadores e un sindicato.

Unha parte do contido de varias das alegacións non reviste carácter ambiental, referíndose a cuestións alleas ao ámbito competencial do órgano ambiental (bens e dereitos afectados, Plan sectorial eólico, afección económica, interferencias no sistema de telecomunicacións, fragmentación do proxecto, aspectos urbanísticos, etc.) que de ser o caso son obxecto doutras fases da tramitación por parte do órgano substantivo de cara ao outorgamento da autorización administrativa do proxecto, ou ben non atinxe á tramitación da avaliación de impacto ambiental de proxectos de cara á formulación da declaración de impacto ambiental

No que se refire exclusivamente aos aspectos que poden atinxir a avaliación de impacto ambiental de proxectos (impacto ambiental en xeral, incidencia sobre os núcleos de poboación, a saúde da poboación, a contaminación acústica, afeccións ao patrimonio cultural -a destacar as referencias sobre a festa da Rapa das Bestas de Sabucedo-, impacto paisaxístico -incluíndo o impacto visual sobre a Casa e Hórreo de Monteagudo-, afeccións á hidroloxía e hidroxeoloxía, humidaís, afeccións ao solo, posibles efectos acumulativos ou sinérxicos con outros parques eólicos e infraestruturas asociadas, afeccións a flora, fauna (aves, quirópteros, lobo etc), os hábitats naturais e biodiversidade, impacto turístico, etc.), e sen prexuízo das aclaracións ou informacións achegadas polo promotor nas súas respostas ás ditas alegacións, cabe referirse aquí ao recollido neste mesmo apartado 2 da DIA en relación cos informes emitidos polos organismos sectoriais con competencias nas materias aludidas, á documentación complementaria que se incorporou ao expediente ao longo da tramitación, ao condicionado do apartado 4, ao programa de vixilancia e seguimento ambiental do apartado 5 e á propia consideración final da DIA respecto da viabilidade ambiental do proxecto co cumprimento das condicións e medidas que se establecen ao longo deste documento ademais das que figuran no EslA e a restante documentación avaliada no marco do trámite ambiental.


2.3. Efectos sinérxicos e acumulativos

Segundo se indica no EslA:


O ámbito territorial sobre o que se leva a cabo a análise de efectos acumulativos e sinérxicos e un área de estudo de 20 km para o estudo paisaxístico de visibilidade e un área de estudo de 5 km para a análise de efectos acumulativos sobre a fauna, a perda de conectividade ecolóxica e sobre as emisións acústicas.

Dentro da envolvente de 20 km se localizan as infraestruturas representadas na seguinte imaxe.





Na envolvente de 5 km se atopan os seguintes parques e liñas.



En relación aos efectos acumulativos e sinérxicos sobre o medio socioeconómico se pode concluír que:

- Producirase unha afección sinérxica coa instalación do novo parque eólico sobre unha situación pre-operacional caracterizada xa de por si por unha presenza de multitude de aeroxeradores territoriais de 10 km (85 aeroxeradores en operación, autorizados ou en tramitación). Isto representa un aumento de aeroxeradores dun 9.41%.
- Téñense realizado diferentes cálculos da cuncas visuais producidas polo novo proxecto, individualmente e conxuntamente cos parques "existentes" en explotación, autorizados en tramitación e comparáronse coa





situación pre-operacional. A cunca visual proxectada para a totalidade dos parques é dun 70,21% do total da superficie da envolvente, polo que o incremento da superficie visual que supón o parque proxectado é unicamente do 2,09%.

- De terse en conta a distancia e analizando principalmente o campo visual próximo e medio en torno aos parques en proxecto, o número potencial de observadores que percibiría un incremento destas infraestruturas sería de 991 persoas. Mentres que nun campo lonxano o número potencial de observadores que verían o parque sería de 9729 persoas.
- Os resultados da análise visual e paisaxística que permiten concluír, que o impacto sinérxico ou acumulativo do PE Campo das Rosas co resto dos parques en explotación autorizados ou en tramitación, na envolvente de 20 Km ao redor dos mesmos se considera baixo e de carácter compatible.

En relación aos efectos acumulativos e sinérxicos sobre a avifauna e quirópteros se pode concluír que:

- No ámbito analizado discorre o río Lérez, catalogado como zona de especial conservación e como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.
Nas áreas definidas téñense calculados os parámetros que reflectirán o grado de afección en base á densidade de infraestruturas (parques eólicos e liñas eléctricas) en operación autorizadas ou tramitación. Esta análise ten permitido determinar o grado de afección sinérxica ou a intensidade do impacto, tanto actual como previsible, resultante da consideración conxunta da densidade de infraestruturas e da calidade ambiental para cada zona.
- En base ás análises realizadas efectuadas e os resultados obtidos non se prevén modificacións na intensidade dos efectos sinérxicos das instalacións existentes, autorizadas e tramitadas nas áreas analizadas como consecuencia da acumulación de infraestruturas. Os resultados indican que o parque eólico e a liña eléctrica proxectada non producirá un incremento significativo da intensidade dos efectos sinérxicos nas áreas analizadas dentro da envolvente de 5 km.

En relación aos efectos acumulativos e sinérxicos sobre a Rede Natura 2000 e espazos protexidos se pode concluír que:

- O parque eólico Campo das Rosas non afecta a espazos incluídos na Rede Natura 2000. en canto á envolvente de 5 km, atopamos o Río Lérez, catalogado como Zonas de Especial Conservación e como Zona de especial Protección dos Valores Naturais para a Rede Galega de Espazos Protexidos.

En relación aos efectos acumulativos e sinérxicos sobre as emisións acústicas se pode concluír que:

- A distancia entre o PE Pico Touriñán e o PE Campo das Rosas é duns 1,9 km, sendo superior a 3 km para os que se atopan en tramitación polo que o efecto da distancia elimina calquera posible efecto sinérxico, debido a que a máis de 500 metros o ruído xerado polos aeroxeradores e inferior a 45 dB, non producíndose ningún efecto sinérxico.

En relación aos efectos acumulativos e sinérxicos sobre a perda de conectividade ecolóxica se pode concluír que á vista dos resultados obtidos, realizado sobre as distintas clases de vexetación nas que se dividiu o territorio se obtiveron as seguintes conclusións:

- A construción do PE Campo das Rosas suporá unha perda absoluta de conectividade na envolvente de 5 km do 1,67%. As únicas clases que se verán afectadas trala implantación do parque serán a de bosque de coníferas, mato e pasteiros.
- A implantación do PE campo da Rosas, xunto cos parques eólicos en explotación ou en trámite existente na envolvente de 5 km, suporá unha perda de conectividade absoluta do 2,11%. Neste caso só se aumentará nos pasteiros.
- A implantación do parque eólico afectará a conectividade da clase bosques de coníferas cun 3,86% de diminución, mentres que en mato e pasteiros será respectivamente do 1,47% e do 0,54%.





- A análise de efectos acumulativos indica que se produce unha maior perda de conectividade acumulada na clase bosque de coníferas 1,62% fronte os pasteiros e mato.

Os resultados da análise de conectividade permiten concluír que o impacto sinérxico ou acumulativo do PE Campo das Rosas co resto de parques existentes ou en tramitación na envolvente de 5km se considera significativo e de carácter compatible.

En relación ao informado polos organismos consultados cabe destacar o indicado polo Instituto de Estudos do Territorio que no seu informe de data 25.05.2021 conclúe que *"Os principais impactos deste proxecto sobre a paisaxe produciranse debido á incidencia visual acumulada, pola sinerxía con outros parques eólicos en explotación, autorizados, ou en tramitación na contorna, sobre os miradoiros existentes, principalmente no caso do Miradoiro Alto das Quintas, os LEIP, os núcleos de poboación e as vías de comunicación máis importantes que discorren polo ámbito do parque. Ademais, a apertura de novos camiños de acceso e as obras de cimentación do aeroxerador CR-01, afectarán a elementos de interese paisaxístico, como son os valados tradicionais de pedra"*.

O 08.11.2021 á vista da nova información aportada polo promotor conclúe que coas medidas de atenuación propostas polo promotor o EIIP do proxecto, cuxo contido complétase coa addenda presentada, axústase ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural no seu informe do 19.12.2022 indica que o proxecto non provoca efectos sinérxicos incompatibles no ámbito das súas competencias,

3. ÁMBITO DA DIA

Unha vez efectuada a análise do expediente, cabe indicar que o proxecto do parque eólico Campo das Rosas consiste na instalación e explotación dun parque eólico de 27,6 MW de potencia total nos concellos da Estrada, Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro (Pontevedra), constituído por 8 aeroxeradores de 3,45 MW de potencia nominal unitaria, que se localizarán dentro do polígono definido polas seguintes coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29):

Vértices poligonal	UTM X	UTM Y
1	542.000,00	4.709.809,00
2	542.000,00	4.711.500,00
3	544.350,00	4.716.600,00
4	546.870,00	4.716.600,00
5	546.870,00	4.715.485,98
6	547.270,00	4.715.231,66
7	547.270,00	4.714.940,06
8	547.041,64	4.714.821,97
9	546.870,00	4.714.821,97
10	546.870,00	4.713.600,00
11	544.150,00	4.709.809,00

A localización dos aeroxeradores e demais infraestrutura asociada ao parque eólico será a que se recolle no **Plano ingeniería: Implantación general de parque y evacuación** da Addenda nº2 ao EsIA (asinada o 31.08.2022).

4. CONDICIÓN AMBIENTAIS

4.1. Condicións particulares

1. Considerando o exposto no apartado 2. *Tramitación e análise do expediente*, establécese como condicionado particular para o desenvolvemento do proxecto o cumprimento do contido dos informes que consten no expediente, ademais do recollido no EsIA modificado, nas súas addendas e na restante documentación avaliada, tendo en conta que as condicións ou medidas dos informes prevalecerán fronte as do estudo ambiental ou a restante documentación no caso de contradición entre elas e que, en todo caso, calquera condición desta DIA prevalece fronte ás anteriores.





2. No referido ao informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, o promotor dará cumprimento daqueles requirimentos feitos pola dita dirección xeral en relación ao indicado fóra do alcance do proxecto e que contarán previamente ao inicio das obras co informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

3. No que respecta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, o promotor deberá elaborar unha proposta detallada referente ás medidas adicionais sinaladas pola dita dirección xeral para garantir a minimización do impacto por colisión en aves (pintado das aspas dos aeroxeneradores de acordo cos criterios establecidos pola antedita dirección xeral e implementar tecnoloxías de redución do impacto por colisión tales como sistemas de detección baseados en vídeo) e quirópteros (restringir a rotación das pas o máis posible por baixo da velocidade de réxime), así como as diversas actuacións a desenvolver no marco do programa de vixilancia ambiental, incluíndo aquelas destinadas a desenvolver para verificar a eficacia das ditas medidas. Terase en conta tamén as demais condicións que se recollen no seu informe.

O documento que elabore o promotor para dar cumprimento ao anterior deberá contar, previamente ao inicio das obras, co informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

O órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, para a súa constancia no expediente, unha copia do dito informe e da documentación na que se basee, de acordo co requirido na condición 4.3.3 da DIA.

4. Continuando co informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural o promotor deberá entregar durante o primeiro ano de operación do parque, un estudo con datos sólidos da presenza do lobo na área de influencia do PE Campo das Rosas.

Previo inicio dos traballos, comprobarase a ausencia de especies protexidas que poidan ser danadas como *Narcissus cyclamineus*. De atoparse ou demostrarse a súa existencia, prohibirase calquera actuación que lles afecte.

5. En relación coa vulnerabilidade do proxecto ante riscos derivados de accidentes graves e catástrofes, teranse en conta as recomendacións recollidas no estudo elaborado polo promotor e avaliado pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

6. En canto á posible afección do proxecto sobre a poboación e a saúde humana en relación co efecto *parpadeo de sombras* (*shadow flicker*) durante a fase de funcionamento do parque, e en consonancia co recollido na documentación avaliada, nos potenciais receptores non se poderán superar as 30 horas/ano de exposición para o caso peor, nin as 8 horas/ano de exposición no caso real, téndose que adoptar as medidas mitigadoras oportunas (por exemplo, instalación de barreiras ou pantallas) e protectoras ou programar paradas temporais dos aeroxeradores implicados no caso de que se supere o limiar recomendado.

Neste sentido, levarase a cabo un seguimento da posible incidencia deste efecto sobre os receptores considerados, recollendo os seus resultados nos informes do programa de vixilancia ambiental segundo se indica no punto 5.3 da DIA.

7. O promotor deberá depositar un aval para garantir o cumprimento das medidas correctoras e responder da reparación dos posibles danos que se lle poidan causar ao medio ambiente e do custo da restauración, conforme o disposto no Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.

Proponse como importe do aval, que será actualizable e deberá fixar o órgano substantivo, a cantidade de 446.940 euros, dos cales 191.546 corresponden á fase de obras e 255.394 á de desmantelamento e abandono do parque eólico.

Para a cancelación do dito aval será preciso o informe favorable do órgano ambiental, logo do levantamento dunha acta de comprobación pola inspección ambiental conforme establece o referido Decreto 455/1996.

A solicitude de cancelación realizarase a través do órgano substantivo, e só se poderá efectuar unha vez estean totalmente rematados os traballos de restauración e integración paisaxística e logo de que o promotor acredite, mediante os informes do programa de vixilancia ambiental e calquera outra documentación que se considere oportuna de ser o caso, a suficiencia e o éxito dos traballos efectuados, tanto os referentes á restauración (coa vexetación debidamente implantada) como ás demais actuacións relacionadas coa imposición do aval ambiental.





4.2. Condicións xerais

Ademais do condicionado establecido no punto anterior, ao proxecto seranlle de aplicación, segundo proceda, as seguintes condicións que complementan, matizan ou subliñan as anteriormente indicadas:

4.2.1 Protección da atmosfera

1. Co fin de minimizar a emisión de po durante a fase de obras, nos períodos de seca procederase á rega dos vieiros e das superficies onde se estean a realizar escavacións ou movementos de terras. Ao comezo das obras deberán terse dispostos na zona os medios necesarios para tal fin.

2. Os camións que transporten terras ou outros materiais que poidan xerar po deberán ir cubertos con lonas ou dispositivo similar. Así mesmo procederase, no caso de ser necesario, ao lavado das rodas dos camións á saída da zona de obras.

3. Os niveis de presión sonora debidos á construción e funcionamento do parque deberán cumprir coa normativa vixente, tendo en conta que no caso de que se superen os límites legalmente establecidos teranse que adoptar as medidas protectoras ou correctoras oportunas (emprego de mantas de goma durante as voaduras, incremento do illamento dos equipos, correcto mantemento das instalacións, pantallas de illamento acústico, etc).

Para tal fin, tanto na fase de obras como na de funcionamento do parque o promotor levará a cabo un plan de seguimento do nivel de ruído ao abeiro do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia de desenvolvemento da normativa básica estatal en materia de ruído, por unha entidade acreditada polo organismo nacional de acreditación (ENAC) como laboratorio de ensaios acústicos ou como entidade acreditada, en ambos casos, no ámbito do ruído ambiental, tendo en conta os aspectos que se indican no punto 5.2 desta DIA.

4. Respecto aos campos electromagnéticos, estarase ao disposto no Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas.

4.2.2 Protección das augas e leitos fluviais

1. Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na zona de servidume e policía de leitos, incluíndo zonas de fluxo preferente e zonas asolagables así como calquera captación ou vertedura se é o caso, precisarán da autorización ou permiso do organismo de cunca competente, que deberá ser solicitada e obtida polo promotor previamente ao inicio das obras.

En calquera caso, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril), así como na Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia e, no que sexa aplicable, o Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, e demais normativa que resulte de aplicación, entre ela as disposicións normativas dos plans hidrolóxicos.

2. En calquera zona onde poida existir risco de desencadeamento de procesos erosivos, de incorporación de sólidos ás augas e/ou de modificación do réxime hídrico, extremaranse as precaucións na execución e control das obras e na adopción das medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental que figuren na documentación avaliada, así como as que se deriven desta DIA e calquera outra que resulte necesaria para a preservación do dominio público hidráulico e a calidade das súas augas.

Neste sentido, conforme avance a obra procederase a estabilizar os noiros de desmonte e/ou terraplén que se xeren, co obxecto de previr fenómenos erosivos e a incorporación de sólidos ás augas. Porase especial coidado na adopción das medidas fronte os arrastres e escorregamentos, tal e como se establece na condición 4.2.3.5 da DIA.





3. A calidade das augas manterase de xeito que, co motivo das obras, non diminúa respecto da existente antes do inicio destas. Non está permitido o lavado de maquinaria e utillaxe nos cursos de auga nin en ningún outro elemento do dominio público hidráulico. Prohíbese a vertedura directa ou indirecta de augas residuais ou produtos susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico sen a correspondente autorización de vertedura.

Para tal fin, tanto na fase de obras como ao final destas ata que se constate ausencia de afeccións, levarase a cabo un plan de control da calidade das augas.

4. Non se acumularán substancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do dominio público hidráulico e/ou degradación do seu contorno.

Polo que durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

5. Non se afectarán, ou de ser o caso terán que ser repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se poidan atopar na área de influencia das obras, téndose que garantir a compatibilidade da actuación cos usos preexistentes. De igual xeito, respectaranse as fontes e mananciais que puideran existir na zona.

Neste sentido, na execución dos alicerces e das gabias do cableado haberase de considerar non afectar á modificación dos niveis freáticos que puideran alterar captacións existentes, aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.

6. Na rede viaria do parque e da liña disporanse as estruturas de drenaxe transversal e lonxitudinal necesarias para non modificar o actual réxime hidrolóxico da zona e permitir a libre circulación das augas. Evitarase a xeración de zonas asolagadas, o trasvase de auga dunha microcunca a outra ou a concentración de grandes fluxos de auga en valgadas con escasa capacidade de acollida.

A incorporación das augas procedentes da rede de drenaxes do parque cara o dominio público hidráulico deberá ser gradual, polo que á saída das drenaxes transversais e nos puntos onde a auga das cunetas se incorpore ao terreo, así como nos tramos de cuneta en zonas de elevada pendente, dispoñeranse sistemas protectores e/ou de disipación de enerxía co fin de evitar fenómenos erosivos, arrastres de materiais, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de incorporación das augas aos cursos naturais.

Tanto na fase de obras como na de explotación do parque, realizarase un control do correcto funcionamento desta rede de drenaxes, do estado dos dispositivos de disipación de enerxía e das condicións de incorporación das augas de drenaxe á rede natural, téndose que adoptar as medidas protectoras e correctoras oportunas no caso de producirse os citados fenómenos. Así mesmo, esta rede de drenaxes será obxecto dos oportunos labores de mantemento para garantir a súa operatividade.

Para tal fin, o promotor deberá contar cun plan de control da rede de drenaxes do parque, incorporándoo ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

7. O formigón necesario para a execución do proxecto será provisto desde planta ou plantas localizadas fóra da obra e que contén coas debidas autorizacións.

8. A limpeza das cubas das formigoneiras realizarase nas plantas subministradoras sempre que sexa posible. De non ser así, poderá habilitarse unha balsa para tal fin, que deberá estar adecuadamente impermeabilizada e afastada de cursos fluviais. Os restos nela almacenados deberanse entregar a un xestor autorizado ou, no caso de que se pretenda a súa vertedura ao medio, deberá obterse a correspondente autorización de vertedura.

9. O edificio de control deberá contar cunha fosa séptica para o tratamento das augas residuais que se xeren nel. No caso de que a dita fosa non sexa de tipo estanco, o promotor deberá obter do organismo de cunca a correspondente autorización de vertedura. Así mesmo, realizaráselle o mantemento necesario para garantir o seu correcto funcionamento.





4.2.3 Protección do solo e infraestruturas

1. Levarase a cabo un control topográfico preciso dos límites das zonas de obra e da localización de todas as infraestruturas e instalacións proxectadas, que se axustarán ao que se derive desta DIA. Non se poderá ocupar terreos fóra dos previstos.
2. Delimitaranse as distintas zonas de obra mediante o seu balizamento, que deberá manterse en perfecto estado durante o transcurso da actuación e ser retirado cando esta finalice.
3. Con carácter xeral, non se efectuarán préstamos na zona salvo xustificación previa, en cuxo caso seleccionaranse zonas que xa vaian ser afectadas polas obras ou, no seu defecto, lugares carentes de valores ambientais ou paisaxísticos relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ter a súa procedencia debidamente acreditada e os ocos resultantes serán restaurados ao finalizar a obra.
4. No caso de ter que realizar algún depósito de sobrantes de escavación que non poidan ser empregados na propia obra, o promotor deberá contar cos permisos ou autorizacións que resulten oportunos, e proceder á súa restauración e revexetación unha vez rematada a obra.
5. Cando se executen obras en zonas de elevada pendente deberanse dispoñer mallas antiescorrega ou calquera outra medida adecuada para evitar o arrastre ou rodadura de materiais ladeira abaixo. O estado e a operatividade dos dispositivos antiescorrega será obxecto de control exhaustivo durante a execución das obras. En calquera caso, de producirse arrastres, deberán ser retirados e depositados nun lugar autorizado e a zona devolta ao seu estado orixinal.
6. Adoptaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derramos accidentais de produtos contaminantes como aceites, graxas e carburantes de motores.
7. No caso de ter que realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas, ...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ao contorno. En calquera caso, se estes se producisen, deberán retirarse da zona e ser depositados nun lugar autorizado.
8. A circulación de vehículos e maquinaria no parque, tanto na fase de obra como na de funcionamento, restrinxirase unicamente aos vieiros e zonas acondicionadas para o efecto (áreas de manobra).
9. Os elementos do parque non poderán supoñer un obstáculo para o normal uso das pistas ou devasas que puideran existir na zona, debéndose garantir a súa operatividade.
10. Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Se durante as obras fose preciso cortar o paso dalgunha vía, deberán implementarse rutas alternativas que presten o mesmo servizo.
11. No caso de deterioración de estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente debido á execución da actuación, deberá restituírse a súa calidade e funcionalidade aos niveis previos ao inicio das obras.

4.2.4 Xestión de residuos

1. Todos os residuos que se xeren como consecuencia da construción, explotación e desmantelamento do parque eólico deberán xestionarse en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe e a reutilización fronte á vertedura.
2. Para a zona destinada a casetas de obra, parque de maquinaria, acopios de materiais, etcétera, deberá seleccionarse unha localización de baixo valor ambiental, escasa pendente e afastada de calquera curso de auga, hábitats de interese comunitario ou área de protección arqueolóxica.





A dita zona deberá estar dotada das medidas necesarias para evitar a contaminación do solo e das augas e dispoñer dos medios adecuados para a recollida de posibles verteduras. As casetas de obra deberán dispoñer dun sistema estanco de tratamento químico das augas residuais.

Así mesmo, co obxecto de evitar a dispersión de accións potencialmente contaminadoras e favorecer un adecuado control ambiental, no caso de que finalmente sexa necesario dispoñer dunha área de limpeza das cubas das formigoneiras tendo en conta o sinalado na condición 4.2.2.8, esta localizarase preferiblemente na zona dedicada ás instalacións de obra.

3. Os labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria durante a fase de obras realizaranse preferiblemente en talleres autorizados, eliminando así o risco de derramos accidentais de substancias contaminantes. Cando isto non sexa posible polas características da maquinaria (con mobilidade restrinxida ou non apta para circular por estrada), estas tarefas poderanse realizar na zona destinada a instalacións de obra, que deberá estar adecuadamente dotada segundo o establecido na condición anterior.

4. O almacenamento temporal de residuos ata a súa entrega a xestor autorizado realizarase na área de casetas de obra/parque de maquinaria durante a fase de obras, e no recinto da subestación/edificio de control/centro colector durante a fase de funcionamento. Sinalizarase claramente a presenza dos distintos tipos de residuos e cumprirse en todo momento coas normas de almacenamento establecidas na lexislación vixente.

5. Antes do inicio da fase de explotación deberán terse retirado e xestionado a totalidade dos residuos xerados durante a execución das obras.

4.2.5 Protección da fauna, vexetación e hábitats naturais

Con carácter xeral, no desenvolvemento do proxecto garantirase que non se vexan afectados compoñentes do medio natural (tal que as especies de flora e fauna ou os hábitats naturais) que gocen dun réxime de protección legal, atendendo ao disposto nas leis 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade e 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, sen prexuízo de calquera outra normativa que lles resulte de aplicación.

4.2.5.1. Sobre a fauna

1. Para levar a cabo os labores de corta e roza de vexetación, así como os movementos de terras, escolleranse datas fóra das épocas de nidificación e cría da fauna máis sensible a este tipo de actuacións (prestando especial atención á que puidera gozar dalgún réxime de protección legal), adoptando en todo caso as medidas necesarias para non alterar á fauna.

2. Previamente aos labores de corta de arboredo verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor. Atenderase especialmente á presenza de aves rapaces ou calquera outra especie que ostente figuras legais de protección ou apareza recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación.

3. Se entre as aves rapaces que poidan facer uso da zona do parque se atopasen rapinas do xénero *Circus* (tartaranga cincenta *Circus pygargus* e gatafornela *Circus cyaneus*, catalogadas como vulnerables no CGEA), que nidifican sobre o solo en ambientes de matogueira ou mixtos con pasteiros e polo tanto son susceptibles de verse afectadas polas obras, previamente aos labores de roza da vexetación levaranse a cabo as comprobacións necesarias para determinar a existencia ou non de parellas reprodutoras na área de afección directa das infraestruturas e instalacións proxectadas.

No caso de detectar a súa nidificación na zona afectada polas obras, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor, incluíndo o establecemento dun perímetro de exclusión duns 500 m de radio en torno ao niño, onde se evitará calquera actuación ata a finalización do período reprodutor (podendo continuar coas obras noutra zona do parque) e outro perímetro de seguridade de 500 m, onde se limitarán ao máximo as actuacións co obxecto de garantir a tranquilidade das aves.





4. Para aquelas especies de fauna que contén cun plan de recuperación, conservación ou xestión, adoptaranse as medidas e actuacións recollidas na dita planificación, cando proceda.

5. Adoptaranse as medidas necesarias para minimizar o potencial impacto da rede viaria do parque sobre a pequena fauna (réptiles, anfibios, micromamíferos...), tanto polo risco de atropelo como polo efecto barreira, así como para garantir que as obras de drenaxe e outras estruturas non supoñan unha trampa para a dita fauna.

Ademais, no caso de que nalgún dos vieiros do parque sexa necesario colocar pasos canadenses para impedir o paso de gando, estes deberán ir dotados de medidas que posibiliten o escape dos pequenos animais que poidan caer ao foxo. As ditas medidas poden consistir, sen prexuízo doutras igualmente efectivas, en dotar ao foxo dunha rampla de subida da fauna (con superficie rugosa e pendente suave), abrir un ou dous laterais do foxo ou darlle saída ao exterior mediante unha tubaxe de diámetro suficiente (mínimo 40 cm).

Así mesmo, levaranse a cabo os controis oportunos para verificar a eficacia das medidas adoptadas e detectar a existencia ou non de afeccións sobre a pequena fauna (incluíndo, de instalarse pasos canadenses, controis de mortalidade nos foxos), incorporando este seguimento ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

6. Respecto á avifauna e os morcegos, realizaranse comprobacións periódicas que permitan determinar a existencia ou non de afeccións sobre os seus efectivos poboacionais e detectar cambios no comportamento e usos do hábitat producidos pola instalación e/ou presenza dos aeroxeradores.

No caso de que se detecte unha incidencia negativa, adoptaranse as medidas necesarias para corrixir a dita situación, entre as que se poden considerar, sen prexuízo doutras, un incremento da frecuencia do seguimento, pintado de pas con patróns que incrementen a súa visibilidade, eliminación de gando morto (ou cubrición ata a súa retirada) para evitar atracción de aves preeiras, parada de máquinas en días con condicións meteorolóxicas moi desfavorables e de baixa visibilidade, establecemento de períodos de parada técnica dos aeroxeradores no caso de alcanzarse limiares de risco, instalación de disuasores automáticos, evitar a rotación das pas en horarios (ocaso e primeiras horas da noite), épocas do ano e condicións meteorolóxicas (baixas velocidades do vento, etc) de maior actividade de quirópteros, eliminación ou relocalización de aeroxeradores conflitivos, etcétera.

No caso concreto das especies preeiras, estarase ao disposto na Resolución do 21 de marzo de 2014 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas pola que se establecen determinadas medidas para previr as colisións de aves nos parques eólicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para tal fin, o promotor deberá levar a cabo un plan de seguimento da avifauna e quirópteros de acordo co sinalado no punto 5.2 da DIA.

7. Así mesmo, levarase a cabo un seguimento da posible aparición de efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos) sobre a avifauna e os quirópteros entre os parques eólicos que existan no contorno no momento en que este parque eólico entre en funcionamento (fosen ou non considerados na documentación avaliada). Teranse en conta tamén as súas infraestruturas de evacuación de enerxía se for o caso. Este seguimento realizarase mediante a valoración conxunta dos resultados dos seus respectivos plans de vixilancia, téndose que adoptar as medidas protectoras e/ou correctoras oportunas no caso de producirse a aparición deste tipo de efectos.

4.2.5.2 Sobre a vexetación e os hábitats naturais

1. Con carácter xeral, a eliminación da vexetación reducirase ao estritamente necesario para a execución do proxecto. Empregaranse sistemas mecánicos, non facendo uso do lume nin de fitocidas.

2. A corta de arboredo limitarase ao imprescindible, lembrando que previamente terá que presentar a declaración responsable ou solicitar a autorización segundo corresponda, así como a comunicación final ao remate do aproveitamento de ser o caso, en función do disposto na normativa de aplicación.

3. A realización dos aproveitamentos madeireiros implicará a extracción ou trituración da biomasa forestal residual, agás por razóns xustificadas ou aquelas outras establecidas consonte a lexislación en materia de montes.





4. Na xestión da biomasa vexetal eliminada primarase a súa valorización, evitando a queima in situ destes restos, que de ser o caso terá que contar coa preceptiva autorización. En calquera caso, terase presente a lexislación sectorial en materia forestal e de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Neste contexto, no caso de optar pola extracción da biomasa forestal residual deberá garantirse a permanencia no monte ou terreo forestal dos restos forestais de menor tamaño nunha porcentaxe do 50 % sobre o total que se vai extraer. Unha vez executado o aproveitamento, en casos de corta final, deberán realizarse as actuacións necesarias encamiñadas á rexeneración da superficie afectada. No caso de que sexa depositada sobre o terreo, procederase a súa trituración e espaxamento homoxéneo, para permitir unha rápida incorporación ao solo, diminuír o risco de incendios forestais e evitar a aparición de enfermidades ou pragas.

5. Adoptaranse as medidas necesarias para eliminar riscos de incendios, tanto na fase de obras como na de funcionamento do parque.

6. Para garantir a non afección e a conservación das especies de flora ameazada que puideran estar presentes na zona de actuación, adoptaranse as medidas preventivas oportunas (balizamento perimetral da súa localización, delimitación das áreas de presenza nos planos de obra, seguimento do estado de conservación dos exemplares e das medidas adoptadas, etc.) e de ser o caso, as medidas correctoras ou compensatorias necesarias. Así mesmo, levaranse a cabo os controis oportunos para verificar a eficacia das medidas adoptadas e detectar a existencia ou non de afeccións sobre as ditas especies, incorporando este seguimento ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

7. En canto aos hábitats naturais, e co fin de garantir que as actuacións sexan compatibles coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, prestarase especial atención, sen prexuízo doutras, ás medidas de control sobre a afección a solos e vexetación que figuran nesta DIA, balizando adecuadamente as distintas zonas de obra e evitando afeccións non previstas.

8. Adoptaranse medidas preventivas para minimizar o risco de introdución de especies invasoras como consecuencia da execución do proxecto (información ao persoal de obra, limpeza previa da maquinaria, control da procedencia dos préstamos, emprego de especies autóctonas na revexetación,...). No programa de vixilancia ambiental incorporaranse os controis oportunos para acadar unha detección precoz desta situación. No caso de que se confirme a introdución, adoptaranse medidas de resposta rápida para erradicalas.

9. No referentes aos accesos aos apoios e á traza da liña, teranse en conta o seguinte:

- Na planificación dos accesos á traza e aos puntos de instalación dos apoios, primará o máximo aproveitamento da rede de pistas e camiños existentes, co fin de minimizar a execución de novos accesos. Pode considerarse tamén o emprego da propia rúa de seguridade, limitándoo ás zonas de menor valor ambiental e afectando o mínimo posible á vexetación natural.
- No caso de accesos de nova execución, para definir o trazado teranse en conta os posibles valores ambientais que puidesen existir na área. Sempre que sexa posible, o novo acceso efectuarase por simple rodadura fronte aqueles métodos que precisen movementos de terras, empregando técnicas de roza que permitan unha rápida rexeneración da cuberta vexetal. Así mesmo, implementaranse as medidas necesarias para evitar a formación de rodeiras e asolagamentos.
- Independentemente do tipo de acceso, previamente a súa execución delimitarase fisicamente o trazado para evitar afeccións por sobredimensionamento ou tránsito incontrolado de maquinaria fóra do acceso. A anchura será a mínima imprescindible para o paso da maquinaria que fará uso deles.
- Aqueles novos accesos que non vaian a ser empregados durante a fase de funcionamento da liña, deberán reintegrar na paisaxe, revexetándoos en toda a súa superficie.

10. En relación coa apertura e mantemento da rúa de seguridade da liña, teranse en conta as seguintes cuestións.

- A rúa de seguridade deberá estar limpa de vexetación incompatible coa liña. As dimensións mínimas determinaranse en función da lexislación sectorial aplicable, tanto a referente a liñas eléctricas como as disposicións vixentes en materia forestal e de prevención de incendios forestais.





- En calquera caso, limitaranse os traballos de cofta de especies arbóreas autóctonas ao mínimo necesario, así como, de ser o caso, a vexetación de ribeira e outras árbores ou rodaís singulares, así como as especies autóctonas, singulares e/ou protexidas. De acordo co indicado pola Dirección Xeral do Patrimonio Natural respectarase a vexetación acompañante nas zonas de frondosas arbóreas autóctonas que poidan ser afectadas.

Neste sentido, extremaranse as precaucións na execución dos cruzamentos sobre a rede fluvial para salvagardar a vexetación de ribeira existente nalgúns dos cursos fluviais sobrevoados pola liña, e nas zonas onde a liña atravesase formacións de frondosas autóctonas. Para o cumprimento desta premisa, seguirase o criterio básico de intervención mínima, nas zonas onde a liña atravesase formacións de frondosas autóctonas, axustarase o ancho da rúa ao mínimo esixible pola lexislación sectorial dando lugar a unha rúa de ancho variable.

Prestarase especial atención ao cumprimento da medida correctora consistente en elevar os apoios e dotar aos condutores de altura suficiente co obxecto de evitar, ou minimizar a tala da vexetación e manter integramente bosque de ribeira e as zonas onde se atravesen masas de arboredo autóctono. No caso de ser necesario tensaranse os condutores ao máximo tecnicamente posible para alcanzar unha maior altura sobre o arboredo e evitar a tala ou poda dos exemplares, para estes casos.

- En todo caso, as actuacións baixo a liña consensuaranse coa Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural e coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

4.2.6 Integración paisaxística e restauración

1. Adoptaranse medidas que maximicen a integración paisaxística da actuación proxectada. No caso da subestación transformadora/edificio de control/centro colector empregaranse materiais, texturas e cores que harmonicen co contorno. Así mesmo, nos traballos de execución e acondicionamento dos vieiros do parque minimizaranse os movementos de terras e coidarase que o firme contraste o menos posible coa contorna.

2. Se na zona existen afloramentos rochosos con interese xeomorfolóxico ou paisaxístico deberán ser respectados, sen que se vexan afectados polas obras.

3. Todas as superficies alteradas ou deterioradas pola execución das obras (marxes dos vieiros, contorno das obras de drenaxe, gabias do cableado, plataformas de montaxe dos aeroxeradores -que deberán ser revexetadas en toda a súa extensión, podéndose deixar un camiño de acceso ata a porta do aeroxerador para os vehículos de mantemento ordinario -, contorno da subestación/edificio de control/centro colector ou de seccionamento e torre/s meteorolóxica/s se é o caso, área de casetas de obra e parque de maquinaria, zonas de amoreamento de materiais ou residuos, áreas de préstamo e/ou vertedura de excedentes dos movementos de terras se for o caso...) deberán ser restauradas e revexetadas en función do tipo de terreo do que se trate, co obxecto de favorecer a recuperación do solo e a reinstalación da vexetación orixinal.

Para tal fin, nas actuacións de restauración e revexetación a levar a cabo teranse en conta as seguintes consideracións:

- Co fin de evitar fenómenos erosivos e lograr o máis pronto posible a integración paisaxística das zonas alteradas polas obras, os labores de restauración e revexetación deberán realizarse, na medida do posible, paralelamente ao avance das obras, conforme as distintas superficies a restaurar acaden o seu estado definitivo.
- No caso de precisar achegas externas de terra vexetal por non ser suficiente a retirada na obra, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas e que teñan características similares ás do terreo a restaurar, tanto desde o punto de vista edafolóxico como respecto das especies vexetais presentes.
- No que respecta á sementeira, a mestura deberá conter necesariamente especies arbustivas e leguminosas, sen prexuízo das de crecemento rápido que se consideren apropiadas para a zona. A proporción de cada grupo de especies na mestura axustarase, con carácter xeral, ás seguintes porcentaxes: 70% para o conxunto de gramíneas, 15% para as leguminosas e 15% para as arbustivas. A dose a empregar será como





mínimo de 30 gr/m² (300 kg/ha).

- A restauración que se faga deberá atender a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística. Todas as especies a empregar na restauración deberán ser autóctonas, preferentemente existentes na zona, compatibles co hábitat no que se vaian implantar e compatibles entre si, co obxecto de maximizar o éxito e integración da restauración.
- Deberá realizarse un seguimento da efectividade dos labores de restauración e revexetación e proceder á reposición das calvas e/ou marras que puideran aparecer nas sementeiras, hidrosementeiras e/ou plantacións efectuadas. Incrementarase a intensidade deste seguimento no caso de que se detecten dificultades para o desenvolvemento da vexetación e levaranse a cabo actuacións adicionais de restauración se o éxito desta non é o axeitado.

4. Unha vez finalizada a vida útil do parque eólico e da súa liña, ou ben no caso de que quedasen definitivamente fóra de servizo por calquera causa, ao longo da fase de abandono levaranse a cabo todas as actuacións necesarias para desmantelalo e recuperar a situación preoperacional da zona ocupada pola instalación.

Considerarase, con carácter xeral e sen prexuízo do que no seu momento se poida establecer ao respecto, a desmontaxe e retirada dos aerogeneradores, dos apoios da liña, illadores, condutores, torre/s meteorolóxica/s e subestación transformadora/centro colector ou de seccionamento (de existir un edificio de control pode ficar para outros usos), demolición da parte superior dos pedestais ou peañas das zapatas, restauración dos novos vieiros creados para uso exclusivo do parque e da súa infraestrutura de evacuación, restitución de terreos e servizos afectados e revexetación das zonas alteradas polo desmantelamento.

4.3 Outras condicións

1. Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta DIA, o promotor deberá designar unha persoa responsable do seu control e notificar o seu nomeamento ao órgano substantivo.

2. Calquera cambio que se pretenda introducir no proxecto respecto do recollido nesta DIA deberá ter en conta a variable ambiental, e no caso de que poida producir efectos significativos sobre o medio ambiente deberáse notificar previamente á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, a través do órgano substantivo e acompañado da pertinente valoración ambiental comparativa, para que o órgano ambiental o avalíe e informe sobre a súa aceptación, comunicando no seu caso as condicións que cómpre impoñerlle ou se procede iniciar un novo trámite de avaliación ambiental.

3. O promotor deberá comunicar ao órgano ambiental, a través do órgano substantivo e coa suficiente antelación, a data prevista de inicio de obras do parque.

Xunto coa dita comunicación, o órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, para a súa constancia no expediente, unha copia do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural ao que se fai referencia na condición 4.1.3 e da DIA, xunto coa documentación na que se baseen.

4. O promotor comunicará ao órgano ambiental, a través do órgano substantivo, a data de posta en marcha da instalación.

5. PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

5.1. Aspectos xerais

O obxecto deste programa é o de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias que figuran na documentación avaliada e o condicionado da DIA, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. Así mesmo, debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións ou afeccións que non se teñan previsto, e levar a cabo novas medidas acordes coas novas problemáticas xurdidas.

Para tal fin, e tomando como base o seguimento proposto na documentación avaliada, deberán incorporarse os controis e estudos necesarios para completalo e adaptalo ao condicionado que se deriva desta DIA. Na definición final do programa fixaranse segundo a fase (replanteo, obras, explotación ou abandono) a periodicidade, os indicadores e os limiares ou valores límite que se vaian utilizar en cada caso.





Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os obxectivos indicados. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- O seguimento deberá ser efectuado por persoal cualificado para identificar os elementos protexidos da biocenose e para valorar a idoneidade das medidas adoptadas e os impactos que as actuacións do proxecto poden inducir sobre o medio. Terá a capacidade técnica suficiente de conformidade coas normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior.
- Lémbrese que sempre que exista a acreditación e alcance correspondente, os estudos e controis preoperacionais, tomas de mostras, medicións e análíticas, tanto na fase previa ao inicio das obras como nas de replanteo, obras, explotación ou abandono, realizaranse por entidades acreditadas polo organismo nacional de acreditación (ENAC) co alcance correspondente a cada tipo de control, toma de mostras, medición ou analítica a realizar, e que os informes estarán asinados e amparados pola dita acreditación. Deberán ser representativas, e polo tanto levaranse a cabo durante os labores con maior incidencia sobre os aspectos obxecto de seguimento
- No caso de que se detecten, como resultado deste seguimento en calquera das súas fases, impactos imprevistos ou alteracións que superen os limiares establecidos na lexislación aplicable, no EsIA ou nesta DIA, comunicaráse inmediatamente ao órgano substantivo, propoñendo as medidas correctoras precisas para corrixilos. Se se pon de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo poñerá este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

5.2. Aspectos específicos

1. En relación co plan de seguimento do nivel de ruído ao que se fai referencia na condición 4.2.1, tomando como base a proposta do EsIA e demais documentación que consta no expediente, terase en conta o seguinte:

- O promotor deberá incorporar ao programa de vixilancia e seguimento ambiental un documento no que se recolla pormenorizadamente toda a información relativa á metodoloxía do seguimento, aspectos técnicos das medicións, cálculos, límites legais, medidas protectoras e correctoras e calquera outra que resulte procedente ao abeiro da normativa vixente en materia de ruídos.
- En canto aos puntos de control propostos consideraranse como mínimo os lugares propostos na documentación. As medicións realizaranse no contorno das vivendas ou edificacións máis próximas aos aeroxeradores e non no interior dos núcleos, para considerar así os puntos potencialmente máis vulnerables. A localización de cada punto deberá definirse coas súas coordenadas UTM (ETRS89) e reflectirse nun plano a escala mínima 1:10.000.
- Deberán constar os resultados da campaña preoperacional con medicións en todos os puntos indicados, co obxecto de dispoñer de datos previos do ruído de fondo para comparalos cos que se obteñan en cada período de seguimento.
- En canto á periodicidade dos controis, durante a fase de obras efectuarase medicións en cada punto no momento no que se estean executando as obras asociadas ao seu contorno, elixindo un momento coa obra en plena actividade co obxecto de que a medición sexa representativa. Na fase de funcionamento a frecuencia será mensual o primeiro semestre, trimestral o segundo e tamén trimestral durante o segundo ano de explotación, podendo logo variar en función dos resultados obtidos.

2. No que respecta ao plan de control da calidade das augas que se indica no punto 4.2.2 da DIA, terase en conta o seguinte:

- O promotor deberá incorporar ao programa de vixilancia e seguimento ambiental un documento no que se recolla pormenorizadamente toda a información relativa á metodoloxía e as técnicas analíticas que se empregarán, periodicidade dos controis, límites legais, medidas protectoras e correctoras e calquera outra que resulte procedente ao abeiro da normativa sectorial vixente.
- En canto aos puntos de mostraxe, débese cubrir os cruces do viero de acceso principal sobre a distintos





cursos fluviais afectados. A localización de cada punto deberá definirse coas súas coordenadas UTM (ETRS89) e reflectirse nun plano a escala mínima 1:10.000.

- Deberase efectuar unha campaña preoperacional de mostraxes con medicións en todos os puntos indicados, co obxecto de dispoñer de datos previos da calidade das augas para comparalos cos que se obteñan en cada período de seguimento. Os informes de resultados terán que estar asinados polo persoal técnico que efectúe as mostraxes.
3. En canto aos plans de vixilancia e demais controis aos que se fai referencia no punto 4.2.5 da DIA, terase en conta o seguinte:
- Tal e como se desprende do punto 5.1, deberá incorporarse co suficiente detalle ao programa de vixilancia ambiental todo o que se derive das cuestións que figuran no dito punto 4.2.5:
 - Control da nidificación de avifauna protexida ou de interese sobre o solo ou en arboredo.
 - Protección doutra fauna (réptiles, anfibios, pequenos mamíferos,...), detección de atropelos, control das obras de drenaxe e, no seu caso, dos pasos canadenses.
 - Seguimento de avifauna, quirópteros e posibles efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos).
 - Protección de hábitats naturais e outras especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, en cumprimento das disposicións normativas que lles resulten de aplicación.
 - Detección de especies invasoras.
 - Etcétera.
 - No caso concreto do plan de seguimento de avifauna (e no de quirópteros naquilo que resulte de aplicación), sen prexuízo do que figure na documentación achegada polo promotor, no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural en relación coas condicións mínimas para os plans de vixilancia ambiental no relativo ao control da mortalidade por colisión na fase de explotación ou do que se poida derivar da condición 4.1.1, 4.1.3, ou calquera outra desta DIA, teranse en conta as seguintes indicacións:
 - Disporase dos estudos previos necesarios para coñecer os efectivos poboacionais e os usos do espazo e do hábitat na zona, as zonas de cría, alimentación ou campeo, colonias ou refuxos (morcegos), durmidoiros, rutas de paso migratorio, movementos estacionais ou desprazamentos diarios, etcétera, co obxecto de definir axeitadamente o plan de vixilancia para detectar posibles cambios nestes aspectos pola instalación e presenza do parque. Estes estudos preoperacionais deberán cubrir o ciclo anual completo do conxunto de especies inventariadas na zona, prestando especial atención a aquelas que ostenten algunha figura de protección. Terase en conta a posible presenza de *Circus pygargus* na área.
 - Conterá unha descrición detallada e xustificada da metodoloxía para o seguimento da incidencia do parque eólico e da liña sobre a avifauna, especificando os controis a efectuar e a súa frecuencia, considerando a detección do efecto baleiro, a caracterización do comportamento das aves ante os aerogeneradores e liña, e a detección de morte por colisión e electrocución e o control de posible nidificación nos apoios.
- Descríbese a metodoloxía para a estimación dos índices de colisión e electrocución e a súa variación estacional, e a dun estudo do voo que caracterice a frecuencia, variación horaria, variación estacional, altura e traxectoria dos movementos das aves na zona do parque (uso do espazo).
- Incluírase unha valoración da posible distorsión nos resultados polo diferente esforzo de mostraxe, condicións climatolóxicas durante as mostraxes, detectabilidade dos corpos (polo tamaño, vexetación do contorno, etcétera) e desaparición de cadáveres por necrófagos, definindo os factores ou índices de corrección para corrixir as posibles desviacións.
- A periodicidade das visitas de comprobación terá en conta a fenoloxía das especies sedentarias, invernais e migratorias. Co obxecto de diminuír na medida do posible a perda de cadáveres por acción de animais preeiros, as visitas para a detección de aves mortas por colisión e electrocución terán como mínimo unha periodicidade mensual. No caso de que se efectúen experimentos para o cálculo dunha taxa de desaparición de cadáveres propia para a zona do parque e da liña, poderíase axustar a dita frecuencia.





Terase en conta que pode resultar preciso incrementar a frecuencia en épocas de paso migratorio e de dispersión de xuvenís.

- Definición cuantitativa e cualitativa de limiares de risco por colisión e electrocución, e aparición de efecto baleiro, que indiquen a necesidade de adoptar medidas protectoras ou correctoras específicas, xustificando a súa determinación. Na definición destes limiares deberán considerarse as referencias normativas, catálogos ou listas vermellas máis actualizadas.
 - Definiranse as medidas protectoras e/ou correctoras a adoptar en función das situacións de risco que se detecten, considerando entre elas as sinaladas no punto 4.2.5.1 desta DIA, sen prexuízo do que se derive da condición 4.1.3.
 - Describírase o método de rexistro, tratamento e presentación dos datos obtidos, detallando a periodicidade, estrutura e contido dos informes, que como mínimo incluírán un apartado introdutorio (indicando datas e descrición das campañas efectuadas), outro cos datos e resultados obtidos e un de valoración (considerando tanto o período abranguido polo informe como o acumulado de datos de informes anteriores), discusión e conclusións finais.
- En relación coa condición 4.2.5.1.4 da DIA, no que se refire ao lobo a Dirección Xeral de Patrimonio Natural sinala no seu informe que se ten que dar cumprimento ao punto 18 (Efecto barreira das infraestruturas), apartado 5, do Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia.

Neste sentido, establece que no primeiro ano de funcionamento do parque, como parte do plan de vixilancia ambiental, débese remitir á dita dirección xeral un estudo con datos sólidos sobre a presenza de lobos na área de influencia do parque eólico e realizar unha avaliación e seguimento das posibles afeccións sobre as súas poboacións: estrutura social, zonas de cría, uso do espazo, etc. Para a realización do correspondente estudo contará cos permisos ou autorizacións pertinentes.

Na procura da mellor implementación das ditas medidas, o promotor e o órgano substantivo terán en conta que todos os aspectos relativos á súa planificación e desenvolvemento deberán coordinar previamente coa dita Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Para a realización dos estudos ou calquera actuación que se desenvolva no marco do programa de vixilancia e seguimento ambiental en relación coas especies protexidas, o promotor deberá contar coas autorizacións que correspondan da antedita dirección xeral.

5.3. Informes do programa de vixilancia

O promotor deberá presentar os informes do programa de vixilancia e seguimento ambiental ante o órgano substantivo, a quen lle corresponde efectuar o seguimento e vixilancia do cumprimento da DIA de acordo co establecido na normativa de avaliación ambiental. Estes informes estarán asinados polo persoal técnico responsable da súa elaboración e terán que contar coa supervisión, aprobación e sinatura da persoa responsable designada para o control do cumprimento da DIA.

Os informes avaliarán pormenorizadamente o cumprimento da DIA en relación a todos os aspectos considerados nela, así como das indicacións, valoracións e medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias contidas no EsIA modificado e a restante documentación avaliada.

Con carácter xeral, incluíranse os resultados das campañas preoperacionais ou estudos complementarios que se efectúen e os que no seu caso xa consten no EsIA ou as súas addendas se é o caso, comparándoos cos que se obteñan en cada período de seguimento.

Sen prexuízo do que, co decurso do tempo, se poida derivar do desenvolvemento do programa de vixilancia, o seguimento da DIA estruturarase nos seguintes informes:

1. Durante a execución das obras o promotor presentará, con carácter trimestral, un **informe de obras** co seguinte contido mínimo:





- a) Cronograma de obras actualizado con todas as actividades (incluíndo a adopción das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias) no que se indique, para cada unha delas, a porcentaxe de execución respecto do total. No cronograma figurará a data de actualización.
- b) Informe de avance da obra, onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto. Acompañarase de reportaxe fotográfica (con indicación da data e hora nas fotografías e plano de puntos de toma) e dun plano de planta a escala 1:5.000 ou maior detalle, dotado de coordenadas UTM (ETRS89), no que se reflicta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.
- c) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído (con medicións en plena actividade, indicando persoal de obra e maquinaria en funcionamento durante as medicións), control da calidade das augas, funcionamento da rede de drenaxes e mantemento do réxime hídrico (seguimento hidrolóxico), seguimento de avifauna, quirópteros e lobo, protección da pequena fauna e hábitats e especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, con especial atención á posible presenza de *Narcissus cyclamineus*, tendo en conta os puntos 4.1, 4.2.1, 4.2.2, 4.2.5 e 5 da DIA.
- d) Informe onde se detallen, para aqueles indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os resultados dos controis efectuados de acordo co programa de vixilancia que se deriva desta DIA (indicando datas das visitas), así como os da aplicación das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias (tanto as que figuran na documentación avaliada como as derivadas desta DIA), incidencias e/ou imprevistos acontecidos e solucións adoptadas, labores de restauración efectuados, xestión de residuos de obra, etcétera.

2. Ao final das obras, no prazo máximo de dous (2) meses contados desde o remate dos traballos, achegará un **informe fin de obras** que como mínimo inclúa:

- a) Informe onde se describa o desenvolvemento dos traballos desde a emisión do último informe de obras e se detalle o estado final do parque e da área afectada tras a finalización das obras, en relación a todos os aspectos que figuran na documentación avaliada e no condicionado desta DIA. Conterá así mesmo un resumo do seguimento ambiental efectuado ao longo de toda a fase de obras e das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias adoptadas, así como das incidencias ou imprevistos acontecidos e as solucións adoptadas.
- b) Reportaxe fotográfica que amose con detalle os aspectos máis salientables da actuación: zonas nas que se implantaron os aeroxeradores, contorno da subestación/edificio de control/centro de seccionamento, torres meteorolóxicas, estado dos vieiros, cunetas e drenaxes, gabias do cableado, zonas nas que se implantaron os apoios, estado da rúa de seguridade, estado de limpeza da área (en especial da zona de instalacións de obra e parque de maquinaria), zonas onde se efectuaron medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias, etc. Nas fotografías indicárase a data e a hora, acompañándoas dun plano de localización.
- c) Plano *as built*, a escala 1:5.000 ou maior detalle e dotado de coordenadas UTM, no que se reflicta a situación real de todas as instalacións e infraestruturas do parque, así como as zonas onde se levaron a cabo medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias. Incluírase unha táboa coas coordenadas UTM (ETRS89) das posicións definitivas dos aeroxeradores, da subestación/edificio de control/centro de seccionamento, das torres meteorolóxicas e dos apoios.
- d) Ficheiros dixitais do plano *as built* coas capas: poligonal do parque, aeroxeradores, subestación/edificio control/centro de seccionamento, torres meteorolóxicas, vieiros, trazado da liña e localización de apoios. O formato será compatible con sistemas de información xeográfica (SIX). O sistema de proxección será o UTM, adoptándose como sistema de referencia xeodésico o ETRS89. Os datos vectoriais entregaranse en formato ESRI shapefile (.shp).

3. Unha vez iniciada a explotación do parque o promotor deberá presentar, con periodicidade semestral durante os dous primeiros anos de funcionamento e anual os seguintes, un **informe en fase de funcionamento** co seguinte contido mínimo:





- a) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído (identificando os aeróxeradores en marcha durante as medicións), do seguimento do efecto parpadeo de sombras ou *shadow flicker*, do control do funcionamento da rede de drenaxes do parque e o mantemento do réxime hídrico (seguimento hidrolóxico) e, se é o caso, do seguimento da calidade das augas, conforme se deriva dos puntos 4.1, 4.2.1, 4.2.2 e 5 da DIA.
- b) Resultados dos plans de seguimento de avifauna, quirópteros e lobo (incluíndo todo o relativo ao desenvolvemento e eficacia das medidas adicionais ás que fai referencia a condición 4.1 da DIA), das medidas de protección de pequena fauna, hábitats naturais e especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, con especial atención á posible existencia de *Narcissus cyclamineus* e seguimento dos posibles efectos acumulativos (aditivos ou sinérgicos), tendo en conta os puntos 4.1, 4.2.5 e 5 da DIA.

No caso do plan de vixilancia ambiental e control da mortalidade por colisión de aves e quirópteros terase en conta o establecido pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural no anexo 1 do seu informe.

- c) Informe, acompañado de reportaxe fotográfica, no que se describan con detalle os resultados do plan de restauración, indicando os avances e incidencias no proceso de rexeneración da cuberta vexetal e de integración paisaxística da instalación, aparición de especies invasoras se é o caso, estado dos vieiros, cunetas, plataformas de montaxe, gabias do cableado, contorno da subestación/edificio control/centro de seccionamento, torres meteorolóxicas, estado da rúa de seguridade e tarefas de mantemento periódico levadas a cabo, así como daquelas zonas nas que se adoptasen medidas de protección contra a erosión. Nas fotografías indicárase a data e a hora, acompañándoas dun plano de localización.

Conterá tamén unha avaliación da eficacia e evolución de todas as medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias adoptadas (tanto as que figuran na documentación avaliada como as derivadas desta DIA) e a descrición, se é o caso, das incidencias acontecidas e as solucións adoptadas. Detallaranse así mesmo, para aqueles outros indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os controis efectuados de acordo co programa de vixilancia que se deriva desta DIA (indicando datas das visitas).

- d) Cando corresponda segundo o expresado na condición 5.2.2 da DIA sobre as actuacións de estudo e seguimento do lobo, xunto co informe en fase de funcionamento achegarase un documento específico cos contidos que se determinen en función do sinalado na dita condición.

Á vista dos resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento, ou ben por solicitude motivada do promotor cursada ante o órgano substantivo, poderase revisar, se é o caso, o contido ou a frecuencia dos controis e informes que se deben realizar en anos posteriores.

4. Informe previo ao abandono: cunha antelación de seis (6) meses respecto da data prevista para a finalización da explotación do parque, o promotor remitirá ao órgano substantivo un documento (con memoria, planos, pregos de condicións, orzamento, prazo de execución e avaliación dos aspectos ambientais) no que se detallen todas as actuacións previstas para o cumprimento da condición 4.2.6.4.

5. Informe posterior ao abandono: transcorridos dous (2) meses desde o remate dos traballos de desmantelamento e abandono do parque, o promotor achegará un informe coa descrición detallada das actuacións levadas a cabo, con especial mención á xestión dos residuos procedentes do desmantelamento e á restauración das superficies afectadas. Inclúirá unha reportaxe fotográfica que reflecta o estado final da área, unha vez rematados os labores de abandono e realizada a oportuna revexetación.





6. PROPOSTA

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental, propónse formular a declaración de impacto ambiental do proxecto nos termos recollidos ao longo deste documento, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Manuel Díaz Cano
Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
(asinado electronicamente)

Conforme
Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

(asinado electronicamente)

RESOLVE

Formular a declaración de impacto ambiental do parque eólico Campo das Rosas e da súa infraestrutura de evacuación, considerando que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpra, ademais do recollido no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado que figura ao longo deste documento, tendo en conta que no caso de que exista contradición entre eles, prevalecerá o disposto nesta DIA.

Consonte o disposto no artigo 52 da dita Lei 21/2013, correspóndelle ao órgano substantivo o seguimento e vixilancia do cumprimento da declaración de impacto ambiental.

Ademais do obrigado cumprimento das condicións sinaladas, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental poderá ditar, do xeito que proceda, os condicionados adicionais que resulten oportunos.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e remitiráselle ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

Así mesmo, non exime ao promotor de obter cantas autorizacións, licenzas, permisos ou informes que sexan necesarios para a execución e/ou funcionamento do proxecto.

O órgano substantivo deberá notificar a esta dirección xeral calquera cambio de titularidade que se produza na instalación.

De acordo co artigo 41.4 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto polo que se autoriza o proxecto.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente)

